

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 3

SESION ORDINARIA DO 28 DE FEBREIRO DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velooso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota
Romero Rodríguez, Begoña

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e trinta e oito minutos do día vinte e oito de febreiro do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Velooso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa

antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello en sesión ordinaria convocada por orde do día do 24 de febreiro para o día de hoxe ás 9,00 horas que obra en poder das señoras e señores concelleiros. Constátase quórum. Ábrese sesión pública e procedemos coa orde do día.

CUESTIÓN DE ORDE PRESENTADA POLO SR. FIGUEROA VILA: Queremos manifestar diante deste Pleno o noso rexeitamento á situación que está acontecendo en torno á Xunta de Voceiros.

Na última Xunta de Voceiros, por proposta do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Popular, pediuse unha comparecencia do colectivo das traballadoras da limpeza de LINORSA. Rexeitouse en primeira instancia polo voceiro do Grupo Socialista argumentando que a petición era posterior á da Federación de Veciños, a da Federación veciñal entrara o 17 e a de LINORSA o día 22 de febreiro.

Pero a nosa sorpresa foi que diante dunha pregunta de quen lles fala, non tiña esa información pero a pedín na Xunta de Voceiros, inquirín se había unha solicitude anterior das traballadoras da limpeza ou algunha outra petición de intervención no Pleno e a nosa sorpresa foi cando se nos remitiron dous escritos de petición, un do 3 e outro do 22 de novembro de 2010, escritos que se nos agocharon á Xunta de Voceiros.

Nós dixemos que, xa que había un conflito, nos parecía oportuno que interviñeran os dous colectivos, non poríamos ningún tipo de oposición á intervención dos dous colectivos aínda que é certo que o Regulamento di que só se permite un.

A nosa sorpresa foi maiúscula cando nos atopamos con dúas peticións anteriores que se lle agocharon á Xunta de Voceiros porque non llas trasladaran e ademais na propia Xunta de Voceiros había unha vontade maioritaria, expresada tanto polo Bloque nacionalista como polo Partido Popular, de que este colectivo interviñese neste Pleno.

Sorpréndenos esta actitude do goberno, non nos parece democrática, non nos parece que se a Xunta de Voceiros ten unha vontade, o voceiro do Grupo socialista diga que o alcalde decidirá. Neste caso sabemos que o alcalde decide, pero se a Xunta de Voceiros é única e exclusivamente unha posta en escena, mentres estes temas non se corrixan anunciamos no día de hoxe que non imos asistir máis ás Xuntas de Voceiros previas ós Plenos porque non ten ningún sentido que vaíamos a unha Xunta de Voceiros para que nos dean a orde do día do Pleno. Nolo remiten ó Grupo municipal, recibímolos, asinámolos e vimos este Pleno.

Esperamos que se corrixan estas actitudes sectarias, antidemocráticas e prepotentes deste goberno.

SR. LÓPEZ FONT: Por alusións e polo manifestado polo Sr. Figueroa. Dende logo, Sr. Figueroa, é vostede dunha falla de rigor absoluta e total. En primeiro lugar debería coñecer as funcións da Xunta de Voceiros. Non se trata do que diga o voceiro do Partido Socialista, trátase de cales son as funcións reais da Xunta de Voceiros.

É evidente que vostedes se ausentaron deste Pleno en cuestións importantes, que se erguen da Xerencia de Urbanismo para non tratar determinados puntos da orde do día cando hai un informe xurídico concreto.

Sr. Figueroa, o primeiro que debe dicir é que esas dúas peticións ás que vostede fai mención son concretamente para os Plenos de novembro e de decembro, que son peticións para Plenos concretos.

A mellor nova, a máis importante e da que en principio vostede se debería sentir contento, é que o conflito polo que se quería intervir neste Pleno está solucionado.

Polo tanto non é o que diga o voceiro socialista, é o que di o Regulamento sobre a Xunta de Voceiros. Nisto como en todo o demais vostedes se deberían ater á legalidade.

É evidente que o que está a facer é buscar unha nova escusa para se ausentar doutro foro, doutro organismo ou institución, chámelle como queira, na que tampouco queren participar.

Debe saber cales son as funcións da Xunta de Voceiros, que se están cumprindo rigorosamente e sobre todo teña rigor á hora de lles contar ós cidadáns cal é a petición.

Vostede díxoo ben: a petición da FAVEC é anterior á das traballadoras de LINORSA.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O BNG nunca vai consentir que neste Concello se vulneren os dereitos democráticos que ten todo colectivo para intervir nunha comparecencia no Pleno se así o solicitan en tempo e forma. Por iso nós como BNG dixemos xa claramente que queriamos e que tiña que intervir hoxe aquí a representación das traballadoras de LINORSA por lles corresponder en tempo e forma. Así o manifestamos e así o manifestaríamos hoxe de non se producir o acordo que, quero deixar claro no nome do BNG, nos felicitamos por el e polo tanto, unha vez que ese acordo se produciu e que o conflito rematou, parécenos que si cómpre que precisamente compareza diante do do Pleno da Corporación a representante da Federación Veciñal.

Por parte do BNG non imos permitir que se vulnere o Regulamento de participación cidadá, cousa que hoxe non ocorre porque ese conflito polo que se quere intervir xa está solucionado.

COMPARECENCIA PERANTE O PLENO DA CORPORACIÓN DE REPRESENTANTE DA FEDERACIÓN VECIÑAL “EDUARDO CHAO” EN RELACIÓN CO MERCADO DA ELECTRICIDADE E AS TARIFAS ELÉCTRICAS. EXPTE. 131/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de entrada no Rexistro do Pleno de data 17 de febreiro, número 131/1101, o secretario da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo, FAVEC, presenta solicitude de intervención perante o Pleno do Concello en relación coa recente suba das tarifas da enerxía eléctrica.

Durante a súa intervención a presidenta da Favec formula unha proposta de acordo aos grupos municipais de tres puntos. Os tres grupos aceptan como de seu a proposta feita pola FAVEC que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENTA DE FAVEC, DONA MARÍA PÉREZ GONZÁLEZ: Señor alcalde, señoras concelleiras, señores concelleiros. Tomo a palabra nesta sesión plenaria para exercer de voceira da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, en nome da súa Comisión Permanente. Como saben a FAVEC aglutina a 35 asociacións veciñais, con implantación na totalidade dos barrios e das parroquias da nosa cidade, ás

que están asociadas arredor de 30.000 familias, o que dá boa conta da representatividade social que o movemento veciñal ostentamos. Esta intervención é un síntoma, unha evidencia, de normalidade democrática. Non pode existir unha democracia xenuína se non é contando coa participación veciñal, senón directamente polo menos a través das organizacións sociais que a representan. Participar supón en moitos casos, coma hoxe, tomar a palabra para poder expresar en liberdade o noso sentir e a nosa posición. Pero tamén quero salientar que esta intervención non é resultado de ningunha concesión graciosa de ninguén, senón o exercicio dun dereito que a FAVEC exercerá cantas veces sexa necesario.

O asunto obxecto desta intervención afecta a un subministro esencial como é a electricidade. Dun tempo a esta parte estanse a producir reiterados incrementos no prezo do recibo eléctrico, o cal supón na nosa opinión unha carga económica inasumíbel e que afoga a moitas familias traballadoras que representan a maioría social. Nese senso está prevista, por decisión do Goberno Central, unha nova suba dun 9,8% do recibo da luz para o mes de marzo de 2011, que sumada ás anteriormente rexistradas resultaría nun incremento total de máis do 53% desde o ano 2007 até a actualidade. Dicar que no mesmo período o IPC, índice que se toma por referencia para o incremento dos salarios, subiu apenas un 9,3% na provincia de Pontevedra, o que evidencia o desmedido destas subas e o abusivas que resultan.

Tendo en conta que a enerxía eléctrica é un subministro esencia e un servizo básico no conxunto da economía, concretamente no consumo doméstico, así coma o actual marco de crise que castiga con forza especialmente ás familias asalariadas, con taxas de desemprego récord, contracción do crédito e perda de poder de compra real, este incremento alén de arbitrario ten unha dimensión claramente abusiva e antisocial, pois posto que a tarificación deste servizo básico non é progresiva, ao non discriminar rendas, prexudicará especialmente aos segmentos sociais máis desfavorecidos. Segmentos que dificilmente van poder soportar aumentos sucesivos no seu custo, moito máis se segue crescendo nos niveis desproporcionados que se van anunciando, máxime cando a reserva en exclusiva da cobertura da Tarifa de Último Recurso (TUR) supón máis que un beneficio e unha garantía dos consumidores, unha ocasión para a transgresión das leis da competencia, ademais que os custes unitarios do Kw/h non poden cargarse aos pequenos consumidores, que son maioritarios, e favorecer aos consumidores compulsivos, sexan da TUR ou das tarifas libres. Hoxe as economías máis febles pagan máis a luz eléctrica, posto que consumindo unicamente un 48% do total fan fronte ao 75% dos custes.

Ao noso entender resulta indecente e indefendible que os sucesivos incrementos no prezo da luz eléctrica sirvan unicamente para asegurar os beneficios empresariais dos grandes grupos eléctricos que operan no marco do Estado español, e que atinxen aproximadamente aos 5.000 millóns de euros anuais, a costa de gravar inxustamente á maioría social. Lamentable é tamén que esta política sexa resultado directo das presións ao Goberno central, a través do seu Ministerio de Industria, para que as tarifas se vaian incrementando, exercidas tanto pola poxa da enerxía para subministración a tarifa, no mercado dos contratos de enerxía para a subministración de último recurso, como pola propia Comisión nacional da Enerxía, e especialmente polas grandes empresas do sector.

Dado que as subas xa producidas, e a que se anuncia, superan o incremento medio nas facturas moi por riba do IPC, que se toma como referencia para o aumento dos salarios, é imprescindible que se proceda senón á conxelación, polo menos á contención das tarifas en torno aos devanditos índices de IPC e ao estudo e aplicación dalgunha fórmula de progresividade tanto nas tarifas como nos IVEs, ademais da concreción e divulgación das boas prácticas no sector, así como a protección das e dos consumidores que sofren as consecuencias finais.

Por este motivo, dirixímonos hai uns días aos tres grupos municipais con representación neste Pleno, para lles trasladar unha proposta de moción coa que promover que este Concello, como administración máis próxima á cidadanía, tome partido a favor da maioría social e, polo tanto, contra desta nova suba.

Nesa proposta de moción, propuñámoslles unha serie de acordos, que hoxe quero reiterar aquí:

PRIMEIRO.- Que o concello se dirixa ao Ministerio de Industria do Goberno Central solicitando que se paralice o incremento no recibo el eléctrico previsto para o mes de marzo do presente ano, e para que se tomen as medidas necesarias para a instauración dun modelo eléctrico cun sistema tarifario máis xusto, mediante a progresividade e a contención dos prezos -especialmente en contextos de dificultades económicas para a maioría social- que tome por referencia o IPC nos seus incrementos, así como que facilite un control dos obxectivos ambientais de aforro enerxético e de estimulación das enerxías alternativas e dun consumo responsábel.

SEGUNDO.- Que se inste ao Goberno Central, a través da Secretaría de Estado da Enerxía do Ministerio de Industria, para que se abran de forma inmediata vías de traballo e consenso coas organizacións sociais, e especificamente co movemento veciñal, aos efectos de dialogar sobre as consecuencias da situación actual, e acadar un

modelo transparente e consensuado.

TERCEIRO.- Que se procure tamén a implicación da Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Economía e Industria ou do departamento que corresponda, e da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para que se dirixan ao Goberno Central nos mesmos termos antes explicados.

Señoras concelleiras e señores concelleiros, o pasado sábado, hai á penas 48h, varios centos de veciñas e veciños saíron á rúa convocados pola Federación Veciñal que represento para manifestar o seu completo rexeitamento á nova suba da luz e reivindicando un sistema tarifario socialmente xusto. Permítanme, apelando ao máis esencial sentir democrático, que lles requira que atendan ese maioritario sentir social que se opón a esta medida abusiva, arbitraria e antisocial.

Conclúo a miña intervención, señor alcalde, manifestando diante de toda a Corporación municipal a vontade e o compromiso do movemento veciñal vigués para seguir a organizar e vehiculizar a oposición social a estas medidas. Teñan presente, que a Federación Veciñal vai seguir firme na loita fronte este atropelo.

Máis nada, moitas grazas e bos días.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Benvida a presidenta da Federación veciñal, sobre todo porque hoxe trae aquí unha cuestión que creo que nestes momentos está a sentir toda a cidadanía.

Non hai moito, concretamente no Pleno pasado, debatíamos aquí unha moción que ía nese mesmo sentido. No nome do BNG eu fixera unha intervención a ese respecto na que lembraba que na actual situación económica chegar a fin de mes convértese nunha auténtica proeza para moitas familias da nosa cidade. Nunha concellería como a que eu dirixo, dalgún xeito estamos a ver o que significa iso porque temos que dobrar as axudas para as bolsas de comedor, as axudas para emerxencia, para alimentos, para alugueiros, para pagar os recibos da luz, para pagar os recibos da auga. Así pasamos de dar o ano pasado 680 axudas de emerxencia, a dar 1.182 este ano. Isto amosa o contexto no que estamos a vivir.

Neste contexto nós pensamos, e así o dicíamos o Pleno pasado, que non se deben cargar ás economías familiares con subidas nos custes dos consumos máis básicos como poden ser a auga e a luz. Así nos atopamos, como ben dicía a presidenta, que o recibo da luz sobe un 9,8%, que o do gas un 4% e que o recibo da auga nos vai subir a partir de xullo un 35%.

Esta foi unha decisión que adoptou o goberno do PSOE en Madrid nunha mostra máis da súa política antisocial ó ditado das grandes eléctricas e do gran capital. Esta medida adoptouna o Sr. Zapatero quen prometera que a factura da crise non a pagaría a maioría social. A que lle chama entón o Sr. Zapatero maioría social?

Esta é unha medida dobremente lesiva para Galicia porque estamos a todos os niveis por debaixo da media do Estado. A pensión media en Galicia é de 667 euros e a media española é de 905. Esta é a realidade coa que se atopan os nosos pensionistas cando queren pagar o recibo da auga e o do gas.

Por outra banda, o 30% do que nos vai incrementar o recibo se debe precisamente ó Decreto do carbón, Decreto que vai deixar a máis de tres mil persoas sen traballo en Galicia. Así, por unha banda quedamos sen centrais, sen postos de traballo e pagamos máis pola electricidade da que somos excedentarios porque xa se sabe que Galicia exporta enerxía.

O Goberno do PSOE xustifica a medida na existencia dun déficit de tarifas e esta aplicación débese a unha lei eléctrica votada e posta en marcha polo goberno do Sr. Aznar. Como moitas veces dicimos, PSOE e PP cando se trata de masacrar a Galicia non teñen ningún tipo de dúbida.

Isto non só lle corresponde ó Partido Socialista. Non o dicía a presidenta pero si o di o BNG que o goberno da Xunta está exactamente na mesma situación porque a respecto dos servizos básicos acaba de aplicar o rolo na Xunta de Galicia e de aprobar unha Lei de augas que contén dous novos tributos, o do canon da auga e o coeficiente de vertido. Co canon da auga as nosas familias van ver aumentado o recibo da auga nun 35%.

Estas son as políticas que saben aplicar o Partido Socialista e o Partido Popular, políticas anti sociais dirixidas ós que menos teñen nun contexto de forte crise económica. Por iso no BNG opoñémonos á suba da luz, á suba do gas e queremos que se modifique tamén o canon da auga.

Gustaríanos engadir polo tanto unha proposta de acordo ás que trae a Federación veciñal que sería: "Instar á Xunta de Galicia a modificar a Lei de augas de xeito que de ningunha maneira supoña un incremento da carga impositiva na situación da actual crise".

SR. LÓPEZ FONT: En primeiro lugar saudar á presidenta da Federación veciñal, darlle

a benvida a este Pleno e agradecerlle a contribución e a preocupación que manteñen sobre os problemas que afectan ós cidadáns vigueses.

A maior pretensión do goberno de España, do goberno socialista de José Luís Rodríguez Zapatero, é adoptar medidas para paliar o déficit nunha situación de crise mundial, aínda que parece que cando escoitamos a algúns só parece cinguida ó Estado español.

O goberno socialista pretende atender á estabilidade económica e estas medidas que adopta, que evidentemente teñen o seu carácter impopular e son difíciles de adoptar, compénsanse claramente polas medidas sociais que se toman dende o goberno español. Quero lembrar que nos anos de goberno de José Luís Rodríguez Zapatero, fronte o que se dixo neste Pleno, o gasto social en pensións e prestacións sociais incrementouse nun 50%, as menores prestacións da Seguridade Social incrementáronse nun 100%. Coido polo tanto que o goberno do Estado está a atender ás situacións dos máis desfavorecidos.

En relación coa suba da luz, é certo que a ninguén lle gusta adoptar este tipo de medidas pero a actuación refírese a buscar reducir os custes do sistema e limitar futuras subas da luz. O RD o que pretende é continuar reducindo os custes regulados do sistema eléctrico que é evidente que proveñen dunha situación do ano 2000. O que estamos pagando nestes momentos é un déficit de tarifas que xa viña de atrás, pero que se incrementa notablemente a partir do ano 2000 coa decisión que toma o goberno do Sr. Aznar do Partido Popular. Polo tanto é aquí onde está o mal de raíz, é aquí onde se debe combater dende un goberno responsable como é o de José Luís Rodríguez Zapatero.

Con esta medida e con este Decreto lei trátase de garantir a sostibilidade económica con medidas de aforro, preténdese aforrar 4.600 millóns de euros nos próximos tres anos e garántase mediante a aplicación dun bono social que ata o ano 2013 máis de cinco millóns de fogares non teñan unha repercusión grande no recibo da luz. Creo polo tanto que é necesario facer os recortes dos custes entre consumidores, sectores renovables e sector eléctrico tradicional.

Eu quero lembrar aquí que en España pagamos un 41% menos que en Dinamarca, un 30% menos que en Alemaña e un 24% menos que en Italia. A pretensión do goberno do Estado español é tratar de axustar dunha vez por todas as medidas que se deben adoptar coa política enerxética e que gobernos anteriores como o do Sr.

Aznar alegremente non tiveron en contra.

No debate do Pleno anterior, diante da moción que presentara o Partido Popular votamos a favor desa moción por entender que é bo trasladar dende Vigo e dende este Pleno ó Ministerio de Industria do goberno do Estado español o noso desexo de que os incrementos sexan os menores posibles, pero si queremos que en conxunto se faga esta reflexión, que asumamos todos as responsabilidades.

Evidentemente que o Partido Popular, cando presentaba a moción no Pleno do mes anterior, alegremente propoñía un dirixismo económico que ogallá materializaran cando gobernaron durante oito anos. É moi fácil falar aquí dos incrementos que teñen que adoptar outras administracións coa intención de equilibrar os déficits e estar recortando o gasto social, recortando drasticamente as axudas para os libros de texto e todo o relacionado con políticas sociais onde gobernan e en concreto a nivel da Xunta de Galicia.

A nosa posición é favorable porque sabemos que é intención do ministro de Industria e do goberno do Estado no seu conxunto, que estas medidas afecten o menos posible ós cidadáns e falaba do bono social polo que cinco millóns de fogares non se verán afectados por estas medidas que se tiveron que tomar dende o goberno do Estado, pero é evidente que dende o goberno do Estado se fixo moito en política social e tamén é xusto recoñecelo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar dar a benvinda á Federación veciñal a este Pleno, dicirlle que estamos totalmente de acordo con todos e cada un dos puntos que propoñen na súa moción e non temos inconveniente en apoiala. En canto ao que din o Bloque Nacionalista e o Partido Socialista, coido sinceramente que non entenderon ben o contido do discurso da Federación veciñal que non é outro que non se lle suba a luz á xente porque é un ben de primeira necesidade.

A cousa está moi clara. Cando gobernaba o Partido Popular a luz baixou un 14% entre o ano 96 e o 2004; dende que chegou Zapatero a luz subiu un 60%. É un escándalo esta suba da luz porque non lla soben só ós ricos, sobe para ós nosos pensionistas, para os traballadores e para todo o mundo.

No Pleno do mes pasado falabamos de que os vigueses sabiamos moi ben o que son as costas porque as padecemos; falaba da do mes de xaneiro pero vai ser que a de 2011 vai ser a máis empinada de toda historia e iso polo único e exclusivo

motivo de como se está comportando a economía do país nos últimos seis meses porque ademais da suba da luz un 10%, subíronos o IVE e os impostos ó aforro, baixaron o salario dos empregados públicos, conxelaron as pensións, fixeron unha reforma laboral para abaratar o despedimento, improvisaron e xogaron co diñeiro da hostalaría ó cambiaren a Lei anti-tabaco, eliminaron a famosa dedución dos 400 euros, a dedución por vivenda e o cheque bebé; privatizaron aeroportos e loterías, atrasaron a idade de xubilación ós 67 anos, o que vai supoñer traballar máis tempo para cobrar menos. Isto supón o maior recorte social nos últimos vinte anos. A última é a de querer converter as caixas de aforros en bancos.

É unha tomadura de pelo escoitar o que di o ministro Sebastián, por certo o peor ministro de Industria da historia da democracia, dicindo que a suba da luz é pouco máis dun café ó mes. É un escándalo porque vostedes, os socialistas, mesturan enerxía con ideoloxía, van pechar unha central nuclear en Garoña cando o Consello de Seguridade Nacional dá a súa conformidade para que permaneza aberta ata 2019. Esta suba da luz tamén é froito dos bandazos normativos que sufriu o sector enerxético por exemplo na enerxía fotovoltaica, que vai provocar máis de 600.000 preitos de pequenos aforradores que investiron en promover hortas solares.

Non nos estraña esta política "*cortoplacista*" do goberno socialista ó que primeiro se lle ocorren o das lámpadas, logo quitar a gravata e agora reducir a velocidade nas autoestradas.

Así non imos a ningún sitio. Moitas gracias.

A PRESIDENCIA: Existe unha petición da Federación de incorporar a súa proposta como resolución cos tres puntos lidos previamente pola presidenta da Federación veciñal. Dependerá de se a presenta algún grupo porque os comparecentes non teñen a potestade de facer isto formalmente. Ademais hai unha proposta do Bloque Nacionalista Galego de engadir un cuarto punto que se leu pola Sra. Méndez.

Propoño que durante un minuto os voceiros se pronuncien sobre a conveniencia de someter a votación estas tres propostas e a cuarta que, en consecuencia, poidan eventualmente facer deles.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Pola nosa banda non hai problema en que os tres puntos da Federación veciñal, xunto co noso, sexan unha resolución conxunta.

SR. LÓPEZ FONT: Tamén a favor de que se inclúan.

SR. FIGUEROA VILA: Nós queremos saber exactamente cal é o punto do Bloque.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Pola banda do Bloque queremos que se inclúa nesa resolución textualmente: “Instar ó goberno da Xunta de Galicia a modificar a Lei de augas de xeito que de ningunha maneira supoña un incremento de carga impositiva na situación actual de crise”.

A PRESIDENCIA: Hai polo tanto dúas propostas do Grupo do BNG e do Grupo Socialista de catro puntos en resolución que sometemos a votación. Serían os tres primeiros da Federación veciñal e o cuarto presentado pola Sra. Méndez e lido agora polo Sr. Domínguez Olveira.

SR. FIGUEROA VILA: A nosa posición vai ser votar a proposta da Federación veciñal tal e como a presentaron.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Creo que a proposta presentouna a Federación veciñal e o lóxico sería que, se a propia Federación veciñal acepta o punto cuarto, se vote a resolución conxunta, será a Federación veciñal quen terá que dicir se acepta ou non.

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez Olveira, as propostas formais teñen que ser feitas por grupos, non as pode facer a Federación. A Federación presenta tres que admitimos de común acordo e ademais existe un cuarto punto.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Estou de acordo con iso, pero é que a nós nos gustaría saber se a Federación admite este cuarto punto dentro da resolución ou non. Coido que o lóxico é saber se a admiten ou non.

A PRESIDENCIA: Non procede neste momento. Entendo que a proposta dos dous grupos son catro puntos, os tres da Federación e un cuarto.

Hai unha proposta de dous grupos municipais deste Pleno que son os que teñen que facer as propostas, non as pode facer a Federación. A Federación fai unha proposta política e formalmente as votacións teñen que ser sobre propostas feitas polos membros do Pleno. Dous grupos incorpóranse ós tres puntos que presenta a Federación e hai un cuarto punto, presentado pola Sra. Méndez, polo tanto polo Grupo do BNG. Hai polo tanto unha proposta conxunta do Bloque e do Grupo Socialista de catro puntos que son os que imos someter a votación.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, nós facemos unha proposta como grupo maioritario desta Corporación: que se poñan a votación os tres puntos da Federación que foi o documento que se nos entregou hai tres días para estudar. Estamos dispostos a votar ese documento dende a primeira ata a última liña.

A PRESIDENCIA: Someteremos a votación os tres primeiros e despois o cuarto.

SR. FIGUEROA VILA: Iso paréceme correcto.

Proposta formulada polo Grupo municipal do BNG durante o curso do debate:

Engadir un cuarto punto co seguinte texto:

Instar ó goberno da Xunta de Galicia a modificar a Lei de augas de xeito que de ningunha maneira supoña un incremento de carga impositiva na situación actual de crise

A petición do voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, procédese á votación separada dos tres primeiros puntos da proposta e do punto engadido polo Grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Dirixirse ao Ministerio de Industria do Goberno Central solicitando que se paralice o incremento no recibo el eléctrico previsto para o mes de marzo do presente ano, e para que se tomen as medidas necesarias para a instauración dun modelo eléctrico cun sistema tarifario máis xusto, mediante a progresividade e a contención

dos prezos -especialmente en contextos de dificultades económicas para a maioría social- que tome por referencia o IPC nos seus incrementos, así como que facilite un control dos obxectivos ambientais de aforro enerxético e de estimulación das enerxías alternativas e dun consumo responsábel.

Segundo.- Instar ao Goberno Central, a través da Secretaría de Estado da Enerxía do Ministerio de Industria, para que se abran de forma inmediata vías de traballo e consenso coas organizacións sociais, e especificamente co movemento veciñal, aos efectos de dialogar sobre as consecuencias da situación actual, e acadar un modelo transparente e consensuado.

Terceiro.- Procurar tamén a implicación da Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Economía e Industria ou do departamento que corresponda, e da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para que se dirixan ao Goberno Central nos mesmos termos antes explicados.

VOTACIÓN DA PROPOSTA FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE ENGADIR
UN CUARTO PUNTO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Instar ó goberno da Xunta de Galicia a modificar a Lei de augas de xeito que de ningunha maneira supoña un incremento de carga impositiva na situación actual de crise.

PARTE RESOLUTIVA

1.- (22).- ACTAS ANTERIORES .(SESIÓNS ORD. 25.10.10 E EXTRAORD. 08.11.10)

S. Ordinaria 28.02.11

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións do Pleno da Corporación ordinaria do 25 de outubro e extraordinaria do 8 de novembro de 2010.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non se formularon.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

XESTIÓN MUNICIPAL

3.1.- (23).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. MANUEL PÉREZ ROMÁN E OUTROS, CONTRA ACORDO PLENARIO DO 31.05.10, DE DESESTIMACIÓN DE DESCATALOGACIÓN DO CAMIÑO MONTE VELLO EN BEMBRIVE. EXPTEs. 18640/240, 18647/240 E 18648/240.

ANTECEDENTES.- Con data 18 de xaneiro de 2011 o xefe de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado, emite o seguinte informe:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L33/2003 do 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP)
- L30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RDL 781/1986 do 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)
- RD 1372/1986 do 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES DE FEITO:

1º.- O Pleno municipal, en sesión do 31.05.2010, acordou: “Desestimar a

reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D. Manuel Pérez Roman e outros ao non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a desafectación e rectificación inventarial solicitada respecto do Camiño Monte Vello, na parroquia de Bembrive." Acordo que lle foi notificado ao interesado en data 8 de xullo do 2010.

2º.- D. Manuel Pérez Roman e outros, mediante escrito con entrada no rexistro xeral deste Concello de data 09.08.2010 formula recurso de reposición contra dito acordo solicitando se deixe sen efecto a resolución ditada e se acorde a descatalogación do camiño nos termos interesados.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1º.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.

O interesado no seu recurso manifesta que dito camiño polas súas características e natureza é en realidade un sendeiro de carácter privado aberto polas propiedades para servizo das fincas, sendo unha servidume de paso a pé meramente consentida para optimizar o servizo das mesmas polas que discorre, reiterando a solicitude de descatalogación dese camiño.

2º.- Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre por canto, ademais de non fundamentarse en ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts 62 e 63 da LRXAP e PAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal, non se observa tampouco dita concurrencia.

No acordo, agora recorrido, resolveuse sobre a solicitude principal do interesado, para a descatalogación do camiño Monte Vello ao uso público ao que ven sendo destinado e tal como se reflicta no inventario municipal de bens e dereitos deste Concello, sen que o alegado por este desvirtúe os razoamentos xurídicos nos que se basea dita resolución.

Neste senso, nos fundamentos xurídicos do acordo adoptado faise unha delimitación do ámbito competencial desta administración en relación ao solicitado polo interesado, sinalándose en relación aos dereitos dominicais sobre o terreo afecto, que a controversia deberase centrar na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ao uso público en xeral e polo tanto da posesión pública e pacífica por parte deste Concello, sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan presentarse, ó ser competencia para seu coñecemento e resolución, sobre titularidades dominicais ou cuestións de propiedade, á xurisdición civil de acordo co art. 5 da LEC.

3º.- Tal e como sinala o art. 339 do CC: *son bens de dominio público, os destinados ao uso público, como os camiños, canais, torrentes...*, concretando así mesmo no seu art. 344 que teñen esta consideración de bens de uso público, nas provincias e pobos, os camiños provinciais e veciñais.

Como quedou constatado no expediente, dito camiño é unha vía pública integrada

na rede viaria municipal, de comunicación doutras vías municipais, atopándose reflectido como tal nos planos do catastro, vinculado ao uso común e xeral de todos os veciños indistintamente, sen que o uso duns imposibilite o dos demais (art. 75.1 RBEL). Dito carácter público do camiño contraponse o uso privativo ou exclusivo, alegado pola recorrente, para o servizo das propias fincas polas que discorre, sen que se poida atender a criterios como os da existencia de servizos ou as súas características físicas para determinar a natureza demanial ou privativa do camiño. O contrario sería negar a realidade da súa existencia, xa que nalgúns casos os camiños nas zonas rurais son de carácter rudimentario, carentes de firme ou servizos públicos, que non semellan das mesmas características que as vías urbanas, aínda que sexan igualmente públicos.

4º.- A teor do exposto, estimándose correcto o acordo adoptado procede a desestimación do recurso formulado.

5º.- Corresponde ao Pleno Municipal, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo do 31.05.2010, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.

Polo anteriormente exposto o xefe de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 21 de febreiro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar o recurso de reposición interposto por Manuel Pérez Roman e outros contra o acordo do Pleno Municipal do 31.05.2010 ao non resultar desvirtuados, polos razoamentos expostos nos antecedentes do presente acordo, os fundamentos técnicos e xurídicos que motivaron a súa adopción.

3.2.- (24).- EXECUCIÓN DA SENTENZA RC-A Nº 4065/2002 QUE ANULOU A NOVACIÓN DO CONTRATO CON "FUNERARIA VIGUESA, S.A.", PARA A XESTIÓN DOS SERVIZOS MORTUORIOS MUNICIPAIS EN RÉXIME DE EMPRESA MIXTA (EMORVISA). EXPTE. 783/440.

ANTECEDENTES.- Con data 15 de febreiro de 2011, o técnico de administración

xeral, Sr. Rodríguez García, formula o seguinte informe proposta:

“O Sr. Concelleiro da Área de Xestión Municipal con data 14 de febreiro de 2011 encargou a este funcionario as actuacións para o asunto enriba referenciado.

En relación co dito asunto emítese o seguinte informe:

Primeiro.- A sentenza de data 23 de febreiro de 2006 conta coa seguinte parte dispositiva:

“ESTIMAMOS EL RECURSO contencioso-administrativo interpuesto (...) en relación con el acuerdo del AYUNTAMIENTO DE VIGO de fecha 27 de septiembre de 2001 por el que se acordó suprimir los servicios mortuorios como servicios de competencia municipal, novar de mutuo acuerdo el contrato suscrito por el Ayuntamiento con “Funeraria Viguesa, S.A.” con fecha 11 de septiembre, facultar a los representantes municipales en la Junta General de EMORVISA convocada al efecto para aprobar la modificación total de los Estatutos de la Sociedad y la aprobación de unos nuevos y facultar al Alcalde-Presidente del Ayuntamiento para que en ejecución del acuerdo pueda transferir a “Funeraria Viguesa, S.A.” 1.230 acciones de las 1.530 que le pertenecen y DECLARAMOS EL ACTO RECURRIDO ES CONFORME -evidentemente es una errata ya que del contenido de la Resolución se desprende claramente que el Tribunal considera que no es conforme a Derecho- A DERECHO Y LO ANULAMOS TOTALMENTE; sin imposición de las costas”.

O único motivo ou fundamento do fallo é que a novación supoñía unha transmisión de accións de EMORVISA titularidade do Concello a “Funeraria Viguesa, S.A.” prescindindo da normativa aplicable que esixía a poxa como forma de adxudicación das mesmas.

Sen embargo trala adopción do acordo anulado promulgouse a Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (no sucesivo, LPAP), que se publicou e entrou en vigor o día 4 seguinte e que no seu artigo 175 refírese ao “alleamento de títulos representativos de capital”, dispoñendo no seu apartado 5 o seguinte:

“Cando os títulos valores que se pretenda allear non coticen en mercados secundarios organizados, ou no suposto previsto no segundo parágrafo do apartado 4 do presente artigo, o órgano competente para a autorización da alleamento determinará o procedemento de venda que, normalmente, realizárase por concurso ou por poxa. Non obstante, o órgano competente poderá acordar a adxudicación directa cando concorran algún dos seguintes supostos:

- a).- *Existencia de limitacións estatutarias á libre transmisibilidade das accións ou existencia de dereitos de adquisición preferente.*
- b).- *Cando o adquirinte sexa calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público.*
- c).- *Cando fora declarada deserta unha poxa ou esta resultara falida como*

consecuencia do incumprimento das súas obrigas por parte do adxudicatario. Neste caso a venda directa deberá efectuarse no prazo dun ano dende a realización da poxa e as súas condicións non poderán diferir das publicadas para a poxa ou daquelas en que se tivera producida a adxudicación.

- d).- *Cando a venda se realice a favor da propia sociedade nos casos e coas condicións e requisitos establecidos no artigo 75 e seguintes do Real decreto lexislativo 1564/1989, de 22 de decembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de sociedades anónimas, ou cando se realice a favor de outro ou outros partícipes na sociedade. Neste último caso os títulos deberán ser ofrecidos á sociedade que deberá distribuílos entre os partícipes interesados na adquisición, na parte proporcional que lle corresponda de acordo coa súa participación no capital social”.*

É certo que este precepto non é de aplicación directa á Administración Local por non estar incluído entre os que como tales figuran na súa disposición final 2ª e só supletoriamente cando non exista normativa ao respecto na lexislación de réxime local tanto estatal como autonómica. Neste caso resulta que tanto no artigo 79.1 da LBRL como no 263 da Lei de administración local de Galicia e no artigo 1 do Regulamento de bens das entidades locais, tras sinalarse que “o patrimonio das Entidades Locais estará constituído polo conxunto dos bens, dereitos e accións que lle pertencen”, procedeu a regular minuciosamente a continuación só o réxime xurídico dos bens que segundo o artigo 333 do Código civil son todas as cousas (realidades físicas) que sexan ou podan ser obxecto de apropiación, xa mobles, inmobles ou de outra índole e os distingue dos dereitos (reais ou de crédito) e das accións, que son os títulos e documentos acreditativos da participación no capital social das sociedades mercantís ou cooperativas .

Por isto débese concluír que dos elementos que conforman o patrimonio das entidades locais a lexislación de réxime local tanto estatal como autonómica só regula o réxime xurídico dos bens -aínda a súa aplicación se estendera tamén por analogía aos dereitos e accións- pero a partir da publicación da nova LPAP, e indubidable que é esta última norma a que se ten que aplicar supletoriamente pola súa especialidade, no caso de transmisión de accións.

E isto é así en base á cláusula de supletoriedade do dereito estatal contemplada no artigo 149.3 da CE que ten como finalidade evitar en casos como este o baleiro no sistema normativo local ou autonómico.

Por mor disto promoveuse por este Concello incidente de execución por imposibilidade legal, argumentando que ao existir xa a posibilidade de adxudicación directa das accións a sentenza xa estaría executada. Sen embargo o Tribunal desestimouno por auto de data 16 de setembro de 2009 declarando que: “debe estarse expresamente a lo establecido en el fallo firme del presente proceso ..., sen perjuicio de que “lo que el Ayuntamiento podría realizar una vez ejecutado definitivamente el acto impugnado, es la adopción de un nuevo acuerdo para la enajenación de los títulos de participación en la Sociedad que prestaba los servicios municipales ahora suprimidos””.

Na mesma dirección o auto de 2 de febreiro de 2011, dá un paso máis e urxe ao

Concello a que allee as accións cuxa transmisión quedou anulada pola sentenza.

Segundo.- Se se examinan os fundamentos xurídicos da sentenza e o seu fallo resulta que o único motivo para a estimación do recurso como xa se dixo, é que os títulos sociais cedéronse directamente polo Concello a “Funeraria Viguesa, S.A.”, socios ambos os dous en EMORVISA, prescindindo totalmente do procedemento legalmente establecido que era o de poxa. Por isto de conformidade co previsto no artigo 62.2.e) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o acordo é nulo sen prexuízo de que segundo dispón o artigo 66 seguinte: “o órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións disporá sempre a conservación daqueles actos e trámites cuxo contido se tivera mantido do mesmo xeito de non terse cometido a infracción”.

Terceiro.- Que para o alleamento das accións a que se refire o auto de 2 de febreiro de 2011, obviamente é preciso en primeiro lugar recuperalas, para o que e de conformidade co previsto no artigo 35 da Lei 30/2007, de 20 de outubro, de contratos do sector público (no sucesivo, LCSP), e no mesmo senso no artigo 65 do Texto refundido da Lei 2/2000, de 16 de xullo, de contratos das administracións públicas, o contrato deberá entrar en fase de liquidación coa consecuencia de que ambas as dúas partes deberán restituírse as cousas que tiveran recibido en virtude do mesmo e, se isto non fora posible, devolverse o seu valor. A parte que resulte culpable deberá indemnizar á contraria dos danos e prexuízos que tivera sufrido.

Polo tanto é preciso a iniciación do expediente para a liquidación do contrato, que trala modificación da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local pola Lei 75/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, ao contar Vigo coa condición de “municipio de gran poboación” é competencia da Xunta de Goberno Local de conformidade co previsto no seu apartado 127.1.f).

Unha vez aprobada a liquidación do contrato procederáse a deixar sen efecto a escritura pública de transferencia de accións que ambas as dúas partes formalizaron no seu día para a transmisión das mesmas.

Por último, e unha vez os títulos representativos do capital volvan a estar en poder do Concello, poderíanse xa allear ao amparo do previsto na LPAP e por calquera dos procedementos que na mesma se contemplan.”

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión informativa de Xestión Municipal na súa sesión ordinaria do día 21-02-2011 ditamina favorablemente o presente asunto.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez,

Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Cumprir nos seus propios termos a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditada no RC-A Nº 4065/2002 que conta coa seguinte parte dispositiva:

“ESTIMAMOS EL RECURSO contencioso-administrativo interpuesto (...) en relación con el acuerdo del AYUNTAMIENTO DE VIGO de fecha 27 de septiembre de 2001 por el que se acordó suprimir los servicios mortuorios como servicios de competencia municipal, novar de mutuo acuerdo el contrato suscrito por el Ayuntamiento con “Funeraria Viguesa, S.A.” con fecha 11 de septiembre, facultar a los representantes municipales en la Junta General de EMORVISA convocada al efecto para aprobar la modificación total de los Estatutos de la Sociedad y la aprobación de unos nuevos y facultar al Alcalde-Presidente del Ayuntamiento para que en ejecución del acuerdo pueda transferir a “Funeraria Viguesa, S.A.” 1.230 acciones de las 1.530 que le pertenecen y DECLARAMOS EL ACTO RECURRIDO ES CONFORME -evidentemente es una errata ya que del contenido de la Resolución se desprende claramente que el Tribunal considera que no es conforme a Derecho- A DERECHO Y LO ANULAMOS TOTALMENTE; sin imposición de las costas”.

Segundo.- Conservar aqueles actos e trámites cuxo contido se tivera mantido do mesmo xeito de non se ter cometido a infracción, polas razóns que figuran nos antecedentes deste acordo.

Terceiro.- Darlle traslado do acordo á Xunta de Goberno Local para que no uso das súas atribucións inicie o expediente para a liquidación do contrato e a recuperación das accións transmitidas a “ Funeraria Viguesa, S.A. ”, previa o seu alleamento segundo contempla o auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 2 de febreiro de 2011, con arranxo ás previsións da Lei 33/2003, de 3 de novembro , de Patrimonio das Administracións Públicas.

CULTURA, INDUSTRIA, TURISMO E PATRIMONIO HISTÓRICO

3.3.- (25).- CAMBIO DENOMINACIÓN NOME DA ESTRADA PROVINCIAL POLO DE
“EMILIA PARDO BAZÁN”. EXPTE. 12729/331 (139/1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe de data 14 de febreiro de 2011 polo xefe do departamento de Cultura:

“Con data 16 de decembro de 2010 o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación, en virtude da resolución de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008 resolveu que polo departamento de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rueiro do Concello de Vigo do seguinte nome:

➤ Emilia Pardo Bazán

Solicitouse informe ao Servizo de Estatística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas, que informa, con data 13 de xaneiro de 2011, que a denominación “Emilia Pardo Bazán” non existen no rueiro municipal e delimita os tramos que podería acoller a denominación proposta.

O vixente Regulamento de honras e distincións establece a “denominación no rueiro” como unha das posibles distincións a adoptar pola Corporación Municipal e no seu artigo terceiro indica o procedemento do inicio do expediente (moción da Alcaldía ou grupo político da corporación, por petición popular do 2% da poboación, un número de concelleiros igual á maioría absoluta). Neste caso o expediente iníciase por resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura en virtude do decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007.

Na concesión das distincións a persoas físicas e xurídicas deben quedar acreditados os méritos suficientes, pero o Regulamento non establece ningún criterio sobre a forma de cumprimentar esta acreditación. Neste caso son sobradas as referencias sobre os méritos de Emilia Pardo Bazán, recoñecida escritora galega con mais de 500 publicacións entre as destaca a obra “Os Pazos de Ulloa” escrita no ano 1886. Foi unha das primeiras feministas da súa época e publicou varios artigos denunciando o sexismo predominante en España, suxerindo cambios a favor da muller , empezando coa posibilidade de unha educación semellante á que recibía o home.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4º que “A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)”. Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras).”

Visto o anterior, o concelleiro-delegado de Cultura e Animación Socio-Cultural, na mesma data do 14 de febreiro, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, na súa

sesión do 21 de febreiro, ditamina favorablemente a anterior proposta.

INTERVENCIÓN DO SR. LÓPEZ CARREIRA: Os tres grupos desta Corporación municipal seguimos a traballar para dar cumprimento a ese acordo plenario de xullo de 2006 polo que se establecían os criterios a seguir para denominar novas rúas. Lembro que aquel acordo establecía que o primeiro criterio sería o de utilizar nomes pertencentes á toponimia do lugar, pero que no caso de non existiren ningún nome relevante, marcaba como criterio seguinte dar nomes de mulleres ás rúas de nova creación para tentar desa forma compensar o desequilibrio existente con respecto ós nomes de homes. Ese acordo tamén establecía que o primeiro nome que había que poñer era o de “Clara Campoamor” e deseguido nomes de mulleres represaliadas na sublevación militar do 36.

En cumprimento de aquel acordo en novembro de 2006 aprobouse poñer o nome de “Clara Campoamor” á estrada que sobe dende Pereiró ata a Universidade. Xa na actual Corporación, en marzo de 2008, homenaxeouse con esta distinción a seis mulleres que sufriron represión no ano 36. Lembro os nomes das mesmas: Ángela Iglesias Rebollar, Rosario Hernández Diéguez “A Calesa”, Carmen Miguel Agra, Margarita Bilbatúa Zubeldía, Urania Mella Serrano e Mercedes Núñez Targa. En maio dese mesmo ano 2008 puxéronse tres novos nomes de rúas con nomes de mulleres: A oceanógrafa Ángeles Albariño, a escritora Xohana Torres e a pintora Mercedes Ruibal. En abril do ano 2010 esta Corporación acordou adicarlle unha rúa á pedagoga Antía Cal.

Hoxe de novo os tres grupos traemos unha proposta de dous nomes de mulleres para a consideración deste Pleno: denominar como rúa “Emilia Pardo Bazán” a rúa actualmente coñecida como a Provincial e dedicar un xardín en Alcabre, o Xardín “Pilar Rodríguez Domínguez. Mestra” como homenaxe a quen durante máis de trinta e cinco anos adicou a súa vida profesional a esa parroquia.

Ademais os tres grupos tamén acordamos ir recuperando acordos plenarios anteriores e darlles saída, co que tamén se trae un acordo do ano 2005 polo que a Corporación municipal decidiu daquela adicar unha rúa ó dirixente veciñal Celso Rivas e outro acordo do ano 2008 para lle adicar unha rúa ó médico Genaro Borrás. Por iso tamén traemos a este Pleno dúas propostas máis, unha: denominar como rúa “Genaro Borrás Sanjurjo, médico”, ó vial que actualmente leva o nome de

Travesía da Pastora 1 ou das travesías, e denominar como rúa “Celso Rivas Pérez, ATS e dirixente veciñal” ó vial que actualmente leva o nome de Travesía de Tomás A. Alonso”.

Ademais destes nomes e atendendo ó primeiro dos criterios, tamén se eleva a este Pleno a proposta de denominar un vial na Madroa como “Camiño da Costa da Mouta”.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Denominar “Emilia Pardo Bazán” ao vial público ata agora denominado como “Estrada Provincial”, que comeza na avenida da Gran Vía nº 75 e remata na avenida de Madrid nº 124.

3.4.- (26).- DENOMINACIÓN RÚA “GENARO BORRÁS SANJURJO (MÉDICO)”. EXPTE. 12860/331 (140)1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe de data 6 de febreiro de 2011 polo xefe do departamento de Cultura:

“Con data 14 de febreiro de 2011 o Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación, en virtude da resolución de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008 resolveu que polo departamento de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rueiro do Concello de Vigo do seguinte nome:

- Genaro Borrás Sanjurjo (médico)” á actual 1ª travesía da Pastora

Solicitouse informe ao Servizo de Estatística que informa, con data 15 de febreiro de 2011 que o nome citado non existe no rueiro municipal, e delimita os tramos que podería acoller a denominación proposta.

O vixente Regulamento de honras e distincións establece a “denominación no rueiro” como unha das posibles distincións a adoptar pola Corporación Municipal e no seu artigo terceiro indica o procedemento do inicio do expediente (moción da Alcaldía ou grupo político da corporación, por petición popular do 2% da poboación, un número de concelleiros igual á maioría absoluta).

Na concesión das distincións a persoas físicas e xurídicas deben quedar acreditados os

méritos suficientes, pero o Regulamento non establece ningún criterio sobre a forma de cumprimentar esta acreditación.

No caso do traumatólogo Genaro Borrás Sanjurjo aporta os méritos o Club de Campo de Vigo a través de solicitude presentada con data 12 de xuño de 2008 no Rexistro Xeral deste Concello, nos que destaca o seu prestixio profesional mundialmente recoñecido no campo da medicina deportiva, sendo médico da selección española de fútbol dende o ano 1991 e xefe médico do real Club Celta de Vigo durante mais de 25 anos.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4º que “A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)”. Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras).”

Visto o anterior, o concelleiro-delegado de Cultura e Animación Socio-Cultural, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, na súa sesión do 21 de febreiro, ditamina favorablemente a anterior proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Denominar rúa “Genaro Borrás Sanjurjo (médico)” á rúa que actualmente se denomina 1ª Travesía da Pastora e comeza no nº 25 da rúa Cesáreo González e remata sen saída.

3.5.- (27).- DENOMINACIÓN ZONA VERDE NA PARROQUIA DE ALCABRE CO NOME DE “XARDÍN PILAR RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (MESTRA)”. EXPTE. 11754/331 (141/1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe de data 15 de febreiro de 2011 polo xefe do departamento de Cultura:

“Con data 11 de febreiro de 2011 o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación, en virtude da resolución de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008 resolveu que polo departamento de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rueiro do Concello de Vigo do seguinte nome:

➤ Xardín Pilar Rodríguez Domínguez (mestra)

A Asociación Veciñal “Nosa Terra” de Alcabre, presentou con data 9 de xullo de 2010, unha solicitude para a inclusión no ruego do Concello de Vigo do nome da mestra, xunto con firmas recollida entre os veciños da zona. A propia Asociación aporta plano de situación cunha proposta de espazo público ao que se lle podería denominar co nome solicitado.

Solicitouse informe ao Servizo de Estatística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas. Este Servizo informa, con data 16 de novembro de 2010, que non atopa ningún espazo público ao que darlle a mencionada denominación na parroquia de Alcabre.

Con posterioridade, e despois de estudar o plano aportado pola Asociación, emite informe con data 15 de febreiro de 2011, delimitando os tramos que poderían acoller a denominación proposta pola Asociación.

O vixente Regulamento de honras e distincións establece a “denominación no ruego” como unha das posibles distincións a adoptar pola Corporación Municipal e no seu artigo terceiro indica o procedemento do inicio do expediente (moción da Alcaldía ou grupo político da corporación, por petición popular do 2% da poboación, un número de concelleiros igual á maioría absoluta). Neste caso o expediente iníciase por resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura en virtude do decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007.

Na concesión das distincións a persoas físicas e xurídicas deben quedar acreditados os méritos suficientes, pero o Regulamento non establece ningún criterio sobre a forma de cumprimentar esta acreditación. Neste caso as referencias sobre os méritos de Pilar Rodríguez Domínguez apórtalos a Asociación Veciñal “Nosa Terra” de Alcabre, destacando o seu labor como mestra e o seu traballo educativo, social e cultural na parroquia durante os 38 anos de ensinanza, mais ala da súa xornada laboral e moi a miúdo sen mais retribución que o agradecemento dos veciños que agora apoian esta iniciativa.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4º que “A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)”. Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no ruego (topónimos e outras).”

Visto o anterior, o concelleiro-delegado de Cultura e Animación Socio-Cultural, na mesma data do 15 de febreiro, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, na súa sesión do 21 de febreiro, ditamina favorablemente a anterior proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da

S. Ordinaria 28.02.11

Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Denominar “Xardín Pilar Rodríguez Domínguez (mestra)” á zona verde situada nun dos laterais do campo de fútbol da parroquia de Alcabre, que comeza no nº 2 da rúa Melide e remata no nº 30 da rúa Suso Vaamonde.

3.6.- (28).- DENOMINACIÓN VIAL PÚBLICO CO NOME DE “CELSO RIVAS PÉREZ (ATS E DIRIXENTE VECIÑAL)”. Expte. 12859/331 (142)1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe de data 14 de febreiro de 2011 polo xefe do departamento de Cultura:

“Con data 18 de xaneiro de 2011 o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación, en virtude da resolución de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008 resolveu que polo departamento de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rueiro do Concello de Vigo do seguinte nome:

➤ Celso Rivas Pérez (ATS e dirixente veciñal)

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 27 de xuño de 2005, acordou por unanimidade dos membros da corporación presente na sesión, aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, propoñendo dar o nome de D. Celso Rivas Pérez a unha rúa de Beade ou, de non ser posible, o da 1ª Travesía de Tomás Alonso.

Visto informe emitido polo Servizo de Estatística sobre travesías non se atopa ningunha na parroquia de Beade.

Solicitouse informe ao Servizo de Estatística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas.

O devandito servizo, con data 21 de xaneiro de 2011, informa que a denominación Celso Rivas Pérez non existe no rueiro municipal, e delimita os tramos que podería acoller a denominación proposta.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4º que “A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)”. Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras).”

Visto o anterior, o concelleiro-delegado de Cultura e Animación Socio-Cultural, na

S. Ordinaria 28.02.11

mesma data do 14 de febreiro, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, na súa sesión do 21 de febreiro, ditamina favorablemente a anterior proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Denominar “Celso Rivas Pérez (ATS e dirixente veciñal)” ao vial público ata agora denominado como “1ª Travesía de Tomás A. Alonso”, que comeza na rúa Tomás A. Alonso nº 75 e remata sen saída.

3.7.- (29).- DENOMINACIÓN VIAL PÚBLICO NA MADROA, CO NOME DE “CAMIÑO DA COSTA DA MOUTA”. Expte. 12496/331 (143/1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe de data 14 de febreiro de 2011 polo xefe do departamento de Cultura:

“Con data 11 de febreiro de 2011 o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación, en virtude da resolución de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008 resolveu que polo departamento de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rúeiro do Concello de Vigo do seguinte nome:

➤ Camiño da Costa da Mouta

O expediente iníciase para dar resposta á petición de Emilio Conde Borrajo, de data 10 de setembro de 2010, en relación á necesidade de nomear o camiño sito na travesía que parte do nº 31 da rúa Traída de Augas.

Solicitáronse informes aos Servizos de Estatística e de Normalización Lingüística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas.

O Servizo de Estatística informa con data 5 de novembro de 2010 que procedería nomear a vía pública que comeza no nº 22 da Estrada da Madroa e remata no nº 33 do Camiño da Traída de Augas, de xeito independente.

O Servizo de Normalización Lingüística, con data 20 de decembro de 2010, informa, logo do traballo de campo realizado, que o topónimo mais axeitado é “A Costa da Mouta”, debendo constar na placa como rúa, camiño ou travesía da Costa da Mouta.

O Servizo de Estatística informa con data 13 de xaneiro de 2011 que a denominación “A Costa da Mouta” non existen no rueiro municipal, e delimita os tramos que podería acoller a denominación proposta, indicando que o espazo público é un camiño.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4º que “A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)”. Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras).

Visto o anterior, o concelleiro-delegado de Cultura e Animación Socio-Cultural, na mesma data do 14 de febreiro, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, na súa sesión do 21 de febreiro, ditamina favorablemente a anterior proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Denominar “Camiño da Costa da Mouta” ao tramo de vial público que comeza no nº 22 da Estrada da Madroa e remata no nº 33 do “Camiño da Traída de Augas”.

URBANISMO

3.8.- (30).- DESESTIMACIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DO PLENO DO 25.10.10 SOBRE SUSPENSIÓN DE LICENZAS NO ÁMBITO DA PANIFICADORA. EXPTE. 997/400.

ANTECEDENTES.- Con data 4 de febreiro de 2011 o técnico de administración xeral da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. Rodríguez Bartol, coa conformidade do director da devandita oficina, formula o seguinte informe:

“1.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do 25.10.2010 adoptou, previo ditame favorable do Consello de Xerencia da XMU do 21.10.2010, o seguinte acordo:

«Primeiro.- Iniciar expediente de modificación do ámbito definido no “PEPRI do Casco Vello de Vigo-Panificadora” para destinalo a un uso maioritariamente dotacional.

Segundo.- Suspende a tramitación de expedientes de concesión de calquera tipo de licenzas ou autorizacións para o ámbito. Publicar o acordo de suspensión no Diario Oficial de Galicia e nun diario dos de maior difusión da provincia».

2.- Este acordo foi precedido do informe do xefe de asesoramento xurídico da XMU (18.10.2010) e, ó abeiro do establecido no art. 54.1.a) do TRRL, dos informes preceptivos da secretaria xeral do Pleno (18.10.2010) e do interventor xeral municipal (18.10.2010)

3.- Foi debidamente notificado ós interesados e publicado no DOG nº 233, do 03.12.2010 e no xornal «Faro de Vigo» do 19.11.2010, coa delimitación gráfica do ámbito afectado pola suspensión de licenzas.

4.- En data 16.12.2010 tiveron entrada no Rexistro xeral da XMU (Rexistro entrada-Xunta de Galicia: 09.12.2010) os recursos potestativos de reposición presentados polas mercantís “Promociones Montelouro, S.A.” e “Compañía Viguesa de Panificación, S.A.” (Doc. núms. 100162326 e 100162330) contra o citado acordo plenario, solicitando que se declare contrario a Dereito e se proceda á súa revogación .

5.- Mediante oficios de data 14.01.2011 da Xerente de Urbanismo, notificados o 21.01.2011, requiríuselles para que achegasen diversa documentación xustificativa da lexitimación das recorrentes e da representación invocada polos seus representantes.

6.- Subsanadas as omisións salientadas coa documentación complementaria achegada en data 28.01.2011 (Doc. núms. 110010480 e 110010482), procede informar de forma conxunta os recursos presentados, dada a súa plena identidade de contido e pedimentos.

II.- NORMATIVA EXAMINADA

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).

- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RHU (RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística).
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000; modificación: A.D. Pleno 26.04.2010, BOP 20.07.2010).
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).
- PEPRI Casco Vello (A.D. Pleno 12.04.2007; DOG nº 108, do 06.06.2007; BOP nº 96, do 18.05.2007 e BOP nº 113, do 12.06.2007).

III.- DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

1.- Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: foron interpostos en prazo e forma por persoas lexitimadas expresamente para o efecto e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (arts. 107, 116 e concordantes da LRX-PAC).

Aclárase que o único extremo do acordo plenario (non da “Xunta de Goberno Local” como se indica erroneamente nos recursos) susceptible de recurso potestativo de reposición é o relativo á suspensión de licenzas neste ámbito (aptdo. segundo); por se tratar dun acto de trámite cualificado impugnable separadamente mediante recurso administrativo.

En cambio, o acordo relativo á iniciación do expediente de modificación de planeamento (aptdo. primeiro) non é susceptible neste momento de recurso ningún, por se tratar dun mero acto administrativo de trámite, que non impide a continuación do procedemento (ó contrario, a abre), non provoca indefensión (dá lugar a unha ampla intervención dos interesados) nin decide o fondo do asunto (non determina o contido da resolución final que se adopte).

2.- De acordo co disposto no art. 117.2 LRX-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición era dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 43.2 LRX-PAC) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo.

3.- Con todo, tendo en conta a obriga que pesa sobre a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (art. 42.1 LRX-PAC), procede entrar a coñecer o recurso; recurso que deberemos desestimar integramente con base nos seguintes razoamentos:

- ✓ En contra do manifestado polos recorrentes, o acordo plenario adoptado en

sesión do 25.10.2010 sobre: «Incoación de expediente de modificación do PEPRI Casco Vello para o ámbito definido como A Panificadora» foi precedido dos informes favorables do xefe de asesoramento xurídico da XMU, do interventor xeral municipal e tamén da secretaria xeral do Pleno, de data 18.10.2010, esixible para a adopción dun acordo desa natureza, precisado de maioría cualificada (maioría absoluta do número legal de membros da Corporación: arts. 54 TRRL, 123 LRBRL e ccdtes.).

- ✓ Tampouco existe a denunciada infracción do art. 77.4 da LOUGA, segundo o que: «Extinguidos os efectos da suspensión, en calquera dos supostos previstos, non poderán acordarse novas suspensións no prazo de catro anos por idéntica finalidade». A suspensión de licenzas derivada do acordo de aprobación inicial do PEPRI do Casco Vello (Xunta de Goberno Local do 02.02.2004; DOG nº 67, do 06.04.2004; BOP nº 151, do 06.08.2004) rematou, dous anos despois (art. 77.3 LOUGA), o 02.02.2006.

En consecuencia, e á marxe de que a suspensión cautelar agora decretada non ten «idéntica finalidade» que a acordada no seu día con ocasión da formulación do PEPRI Casco Vello (distinto ámbito territorial, distinto obxecto e alcance, distinta finalidade...), na data da adopción do acordo plenario obxecto de recurso (25.10.2010) xa transcorreran os 4 anos a que se refire o art. 77.4 da LOUGA.

- ✓ Erran os recorrentes ó considerar que a suspensión de licenzas a ter en conta para os efectos da aplicación do límite temporal contido nese precepto sería a resultante do acordo de aprobación inicial do actual PXOM (Pleno do 30.12.2004; DOG nº 31, do 15.02.2005). O ámbito da Panificadora foi ordenado en detalle no vixente PEPRI Casco Vello de Vigo (Vid. Ficha Área de Convenio «AC 2-PANIFICADORA»), a partir dunha proposta de convenio urbanístico asinado coa propiedade o 23.05.2003 que se tramitou conxuntamente co planeamento pero que finalmente non foi ratificado, como esixe para a súa validez e eficacia o Art. 237 da LOUGA.

O PXOM limitouse neste punto (Ordenanza nº 1: «Cascos Históricos») a asumir ese planeamento especial (daquela aínda en trámite), que pasaría a ter a condición de planeamento incorporado [API] no momento en que acadase a aprobación definitiva, o que non sucedeu ata o ano 2007 (Pleno do 12.04.2007; DOG nº 108, do 06.06.2007; BOP nº 96, do 18.05.2007 e BOP nº 113, do 12.06.2007), pero sen que nin a suspensión facultativa adoptada para estudar a formación do novo Plan Xeral (Pleno do 02.03.2004; DOG nº 94, do 18.05.2004) nin tampouco a automática inherente ó acordo de aprobación inicial do mesmo implicasen a suspensión das licenzas no ámbito de planeamento ordenado polo PEPRI.

- ✓ Sendo unicamente recorrible neste momento o apartado relativo á suspensión de licenzas no ámbito da Panificadora, non resultaría procedente entrar a valorar outros extremos dos recursos tales como a presunta “ausencia de los requisitos de equidistribución e capacidade financeira para afrontar o resultado pretendido”; aspectos que, en todo caso, quedarán diferidos e deberán ser

obxecto de estudo e consideración na modificación de planeamento que se tramite en execución daquel acordo plenario.

- ✓ Con todo e a respecto da correcta utilización por esta administración do *ius variandi* no exercicio da potestade de planeamento urbanístico (cuestionada tamén nos dous recursos), si procede indicar xa que na mesma proposta de incoación asinada o 18.10.2010 pola Xerente de Urbanismo se explicaron as razóns de interese público que, para os efectos do indicado no art. 94 da LOUGA, serven de fundamento racional á decisión de modificar puntualmente o planeamento que afecta a este ámbito: (1) Necesidade de que o conxunto da Panificadora, como elemento representativo do patrimonio arquitectónico industrial de Vigo e Galicia, sexa preservado, e, (2) conveniencia de destinalo a equipamento público como uso máis acaído.
- ✓ A consecución de tales obxectivos non resultaría viable coas determinacións actuais do PEPRI Casco Vello, que lle concede á Panificadora unha limitada protección, posibilita unha profunda remodelación das súas estruturas orixinais e autoriza incrementos de edificabilidade e cambios de usos. Rexeitase de plano, polo exposto, a suposta “arbitraria utilización del ius variandi” que se denuncia nos recursos, apreciándose polo contrario a concorrencia da motivación necesaria esixida no art. 94 da LOUGA para proceder a unha modificación dos contidos do planeamento urbanístico.
- ✓ É ben sabido que a potestade administrativa de planeamento esténdese á reforma deste: a natureza normativa dos plans e a necesidade de adaptalos ás cambiantes necesidades da realidade xustifican plenamente o *ius variandi* que neste ámbito se recoñece á Administración; potestade que debe acomodarse teleolóxicamente ó servizo do interese público, do benestar e a convivencia xeral (SSTS 21.12.1987, 23.09.1988, 07.10.1988, 20.03.1989, 17.06.1989, 30.04.1990, 04.05.1990, 30.01.1991, etc.).

Trátase dunha potestade non fundamentada en criterios subxectivos exercitable en calquera momento, senón un remedio establecido na lei para que a Administración, obxectivando alteracións reais, poida realizar as modificacións que impoñan as novas necesidades urbanísticas creadas pola dinámica social no transcurso do tempo.

Os únicos límites desta potestade situaríanse na congruencia das solucións concretas elixidas coas directrices que deseñan o planeamento e no respecto ós estándares legais e a súa adecuación ós datos obxectivos en que se apoia, sen que poida prevalecer fronte a aquela o simple criterio do particular; a non ser que demostre que o proposto pola Administración é de imposible realización ou manifestamente desproporcionado ou constitúe infracción dun precepto legal (SSTS 17.09.1982, 28.03.1983 e 09.04.1984).

Así pois, o exercicio desta potestade non claudica diante dos dereitos adquiridos dos particulares, posto que ven respostar ás esixencias superiores do interese público, aínda que –respectando os principios informantes do sistema: legalidade, proporcionalidade, etc. e axustándose á realidade dos feitos determinantes- nalgún

punto contradiga os dereitos e intereses dos particulares (SSTS 03.05.1983, 25.03.1985, 20.05.1986 e 24.02.1987, entre outras); sen prexuízo, claro está, das indemnizacións e/ou compensacións que procedan de acordo coa norma.

Pois ben, a modificación de planeamento iniciada por esta administración para preservar o ámbito da Panificadora no PEPRI Casco Vello de Vigo e permitir a implantación de usos de natureza maioritariamente dotacional, ademais de estar correctamente motivada na realidade, é congruente coas finalidades pretendidas e procura unha solución lícita, posible e proporcionada, sen infrinxir precepto legal ningún nin incorrer en arbitrariedade de ningunha clase.

IV.- PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, proponse ó Pleno da Corporación, por proposta do Consello de Xerencia da XMU (Art. 10.1.j] Estatutos XMU), a adopción do seguinte acordo...”

A seguir o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 10 de febreiro, ditaminou favorablemente a anterior proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Desestimar, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo, os recursos potestativos de reposición presentados o 16.12.2010 polas mercantís “Promociones Montelouro, S.A.” e “Compañía Viguesa de Panificación, S.A.” (Doc. núms. 100162326 e 100162330) contra o apartado segundo do acordo plenario de data 25.10.2010 polo que se acordou suspender a tramitación de expedientes de concesión de calquera tipo de licenzas ou autorizacións para o ámbito definido no PEPRI do Casco Vello de Vigo como “A Panificadora” (Exp. nº

997/400).

Segundo.- Notificar ós interesados este acordo, con indicación de que contra o mesmo non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no art. 118.1 da LRX-PAC, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da súa notificación.

3.9.- (31).- INICIACIÓN DO ESTUDO SOBRE NECESIDADES DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 6 DO PXOM DERIVADAS DOS NOVOS TRAZADOS DE “INFRAESTRUTURAS SUPRAMUNICIPAIS VIARIAS”. EXPTE. 999/400.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 17 de febreiro pola xerente municipal de Urbanismo:

“O vixente PXOM de Vigo foi aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008) e a súa normativa foi integramente publicada no BOP o 06.08.2008 (BOP nº 151-Suplemento). O 13.07.2009 o Conselleiro da CMATI aprobou definitivamente o documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008 sobre aprobación definitiva do PXOM de Vigo (DOG nº 144, do 24.07.2009), publicándose a normativa no BOP nº 175, do 10/09/2009.

No momento da tramitación e aprobación do PXOM varias infraestruturas viarias de carácter supramunicipal dependentes do Ministerio de Fomento atopábanse en fase de estudo informativo e non foron incluídas na ordenación, ou, nalgún caso, incorporáronse nas últimas fases de aprobación.

Este é o caso da variante do acceso dende Porriño, autovía A-55, en fase de estudio nos mesmos anos, e que a redacción do PXOM propuxo que se conectase coa proxectada Ronda de Vigo e co primeiro cinto na Finca do Conde.

Contrariamente a esta intención municipal recollida no PXOM, o Estudo informativo do Ministerio de Fomento aprobado no ano 2007 conectou dito vial directamente coa Avenida de Madrid na zona de Baruxáns.

Por esta razón, a Orde do 16 de maio de 2008 sobre aprobación definitiva parcial do PXOM de Vigo, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes fixo a seguinte observación e deixou pendente o seguinte extremo:

Por resolución do Secretario de Estado de Infraestruturas do Ministerio de Fomento

do 20/10/2007 (BOE do 25/10/2007) aprobouse definitivamente o estudo informativo da "Variante de trazado. Tramo Porriño-Vigo". De conformidade co artigo 33.3 do Regulamento xeral de estradas (Decreto 1812/1994, do 2 de setembro), o planeamento urbanístico debe axustar as súas determinacións ao contido dos estudos informativos aprobados pola administración competente en materia de estradas. En consecuencia, debe axustarse a ordenación do PXOM nos seguintes ámbitos afectados polo trazado da vía citada."

Esta modificación introduciuse na versión V.5 do PXOM para subsanación da devandita observación, e na V.6 de texto refundido final, que foi obxecto de aprobación definitiva completa mediante orde do 13 de xullo de 2009 do Conselleiro de Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas, na que se expresa que "púidose observar o cumprimento do disposto na orde da CPTOPT do 16 de maio de 2008, xa que coas modificacións introducidas se emendan as deficiencias observadas e se incorporan as xustificacións oportunas anteriormente instadas."

Dende a xefatura da Xerencia encárganse dous informes (que forman parte deste expediente) para analizar o estado actual da antedita infraestructura viaria e a súa adecuación e axuste co Plan Xeral, un deles aos Servizos Técnicos e outro ao Sector de Desenvolvemento Urbanístico da Xerencia de Urbanismo para estudar a posibilidade e a viabilidade da modificación puntual do PXOM derivada do cambio de trazado e a súa coherencia co PXOM


O informe do director dos Servizos Técnicos de data 11 de febreiro de 2011 conclúe que as modificacións realizadas polo Ministerio de Fomento supoñen unha duplicidade de trazado para a mesma estrada de penetración que é preciso corrixir, e que dita corrección pasa por estudar o comportamento do citado vial sen que canalice o tráfico supramunicipal, estará por decidir a súa necesidade e a súa nova funcionalidade, que afectará ao seu dimensionado e aos de seus enlaces coa Rondas e co Arquitecto Palacios e as novas conexións cos viais transversais secundarios que favorecerá a súa nova permeabilidade.

O informe do xefe do Sector de Desenvolvemento Urbanístico de data 17 de febreiro de 2011, que se reproduce na maior parte nesta proposta, conclúe que a variante de trazado alterou as determinacións do PXOM no relativo ao carácter do elemento do sistema xeral viario e que dita alteración xustifica e necesidade de estudar a modificación puntual do PXOM

CONSECUENCIAS DA INTRODUCIÓN DO TRAZADO DA A-55 NAS DETERMINACIÓNS DO PXOM

A introdución material nos planos do PXOM do novo trazado da A-55 non analizou as consecuencias sobre outras determinacións do PXOM, que presentaban precisamente o acceso da variante desde Porriño, non conectada á Avenida de Madrid (vial ao que o PXOM pretendía conferir un carácter de vial urbano) , senón mediante o elemento de sistema xeral A-06 que conectaría coa Ronda de Vigo e co primeiro cinto nunha rotonda na AOP-13 Arquitecto Palacios, en dous tramos denominados A06/0 Autoestrada Vigo-Porriño: Arquitecto Palacios-Ronda de Vigo, A06/1 Autoestrada Vigo-Porriño: e Ronda de Vigo- Castañal

Estes dous tramos (asignados por outra banda no estudo económico do Plan ao Ministerio de Fomento a súa construción), resultan, segundo o informe do enxeñeiro municipal xefe dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 11/02/2011, unha duplicidade coa Avenida de Madrid, que requiría, cando menos dun estudo sobre a súa idoneidade, trazado e sección, dado o novo carácter do mesmo.



A conclusión é que a modificación da variante da autoestrada de Porriño aprobada polo Ministerio de Fomento alterou as determinacións do PXOM non só no que se refire á obriga de introdución do novo trazado, senón no carácter do elemento do sistema Xeral viario A-06 que o PXOM trazaba paralelo polo Sur á Avenida de Madrid, e enlazando o acceso desde Porriño coa Ronda e co 1º cinto Arquitecto Palacios.

Esta alteración pode xustificar a necesidade de estudar a modificación puntual do PXOM en canto se refire ao vial de sistema xeral A-06, estudo que deberá xustificar o novo carácter, sección e trazado que debe ter dito vial, ou no seu caso a desaparición dalgún dos tramos previstos.

Trátase, ademais, en todo caso dun expediente de iniciativa e formulación municipal polo que ou ben debe redactarse de oficio polos servizos técnicos municipais ou, pola contra, iniciar un expediente de contratación dunha asistencia técnica externa, co debido control municipal.

O procedemento a levar a cabo é unha modificación puntual de planeamento xeral, aínda de contido limitado como ocorre neste caso, debe someterse ás mesmas determinacións que para a súa formulación, segundo dispón o artigo 94 da LOUGA.

Esquemáticamente o procedemento a seguir é o seguinte:

- a) Acordo de inicio da modificación puntual: resolución do delegado, toma de coñecemento polo Consello de Xerencia e Pleno.
- b) Elaboración do documento de inicio (anteproxecto de planeamento) para a avaliación ambiental estratéxica AAE
- c) Remisión de documento de inicio ao órgano ambiental, período de consultas, Resolución da CMATI, do documento de referencia ou declaración de innecesariedade por parte do órgano ambiental.
- d) Redacción municipal da documentación para aprobación inicial, no seu caso incorporando informe de sostibilidade ambiental (ISA), segundo o documento de referencia recibido.
- e) Informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre legalidade e calidade técnica da ordenación (art. 85.1. LOUGA), e solicitude de informe previo á aprobación inicial da Consellería competente en materia de urbanismo.
- f) Proposta de aprobación inicial e ditame do Consello de Xerencia de Urbanismo.
- g) Acordo plenario de aprobación inicial e certificación do acordo por Secretaría Xeral
- h) Publicación de anuncios no BOP, DOGA e dous periódicos, solicitude de outros informes sectoriais, páxina web, taboleiro, período de información pública de dous meses mínimo .
- i) Contestación de alegacións, redacción proposta de memoria ambiental, remisión ao órgano ambiental do expediente completo, con proposta de redacción de alegacións, informes sectoriais e proposta de memoria ambiental.
- j) Elaboración definitiva da memoria ambiental por parte do órgano ambiental.
- k) Cumpridos os trámites anteriores, remisión ao Pleno para aprobación provisional, certificación de acordo, dilixenciado do documento completo e remisión á CMATI da documentación completa.
- l) Acordo do/a conselleiro/a de aprobación definitiva ou sinalamento de deficiencias para subsanar, publicación no DOG, dilixenciado e remisión ao Concello.”

Visto o anterior, a xerente municipal de Urbanismo formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

No expediente figuran os seguintes informes:

- Do director dos Servizos Técnicos Municipais, de data 11 de febreiro 2001.
- Do arquitecto municipal, xefe do sector de Desenvolvemento Urbanístico, de data 16 de febreiro de 2011.
- Informe xurídico emitido polo técnico de administración xeral, Sr. Rodríguez Bartol, de data 18 de febreiro de 2011.
- Da secretaria xeral do Pleno de data 18 de febreiro de 2011.
- Do interventor xeral de data 18 de febreiro de 2011.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 24 de febreiro, ditamina favorablemente a proposta formulada pola xerente de Urbanismo citada anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Iniciar o estudo da modificación nº 6 do PXOM, derivada do trazado definitivo da infraestrutura viaria “variante da A-55” que afecta aos seguintes ámbitos do PXOM vixente:

- Solo urbano consolidado: AOP-13 Arquitecto Palacios, superficie cualificada coa ordenanza 9.1º delimitada polas rúas Finca do Conde, ata o contacto coa API-37 e coa AOP-13 Arquitecto Palacios, rúa Camiño Freixeiro e Baixada á Igrexa
- Ámbitos de solo urbano non consolidado: APR A-4-48 Pontenova AOD, APR A-4-57 Castreliños, APR A-4-61 Laxe-2, APR A-4-58 Laxe 1
- Sectores de solo urbanizable delimitado: S-30-R Fragosiño-D, S-25-R Costa Castrelos, S-26-R Pescadeira
- Ámbito de solo urbanizable non delimitado: SUND Cabada 1
- Áreas de solo rústicos RPEN e RPI na zona do río Eifonso

Segundo.- Suspende a tramitación de licencias no solo urbano consolidado: AOP-13 Arquitecto Palacios, superficie cualificada coa ordenanza 9.1º delimitada por as rúas Finca do Conde, ata o contacto coa API-37 e coa AOP-13 Arquitecto Palacios, rúa Camiño Freixeiro e Baixada á Igrexa

Terceiro.- Suspende a tramitación do planeamento nos ámbitos de solo urbano non consolidado APR A-4-48 Pontenova AOD, APR A-4-57 Castreliños, APR A-4-61 Laxe-2, APR A-4-58 Laxe 1, nos sectores de solo urbanizable delimitado: S-30-R

Fragosiño-D, S-25-R Costa Castrelos, S-26-R Pescadeira e no ámbito se solo urbanizable non delimitado: SUND Cabada 1.

Cuarto.- Encargar aos servizos técnicos e xurídicos municipais a redacción da documentación e da tramitación de dita modificación

Quinto.- Proceder á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e nun periódico de maior difusión da provincia.

Explicación de voto do voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila:

Satisfainos que se traia esta modificación para aprobación porque nós anunciamos que, de chegaren gobernar, non só modificaremos o Plan nestas cuestións, senón que se terá que producir unha revisión total do Plan Xeral da cidade de Vigo.

Agrádanos que logo de dous anos e medio se faga caso do que dixemos no Pleno do 29.12.2007 de aprobación provisional do Plan Xeral. Daquela xa dicíamos que había dous trazados, que había que corrixir e modificar o Plan. Contestóusenos que eramos uns ignorantes, que non tiñamos razón, que non coñeciamos o Plan Xeral, pero o tempo demostrou o que dicíamos, que había duplicidade, que había dous trazados absolutamente independentes. Aquí están as actas que non vou ler, só lembrar que o concelleiro de Urbanismo actual dicía que unha cidade como Vigo non tiña que ter unha soa entrada, senón dúas vías de entrada como aparecía reflectido no documento.

O tempo deunos razón totalmente no 100% da nosa intervención, porque o mesmo técnico que subscribe este informe, D. Sergio González Prada, dá claramente a mesma argumentación que nós xa matizábamos e concretábamos o día 29.12.2007 na aprobación provisional do proxecto do Plan xeral de ordenación de Vigo.

Polo tanto, como coincide coa nosa proposta, o único que rexeitamos ou polo que manifestamos o noso malestar é porque se tardara case tres anos en tomar esta decisión. Este é o motivo da nosa abstención.

En calquera caso xa anunciamos que nós, debido a que este Plan está rematado, está fracasado, de chegaren gobernar esta cidade o Partido Popular modificará e revisará o Plan xeral de ordenación municipal.

A PRESIDENCIA: Sr. Mariño, tería que ter pedido a explicación de voto antes do

grupo maioritario.

SR. MARIÑO MENDOZA: Se non teñen ningún problema, gustaríame facer unha aclaración.

SR. FIGUEROA VILA: Nós non temos ningún problema, sen reabrir evidentemente o debate, pero se o Sr. Mariño quere matizar algo parécenos ben.

A PRESIDENCIA: Sr. Mariño, tente non reabrir debate.

SR. MARIÑO MENDOZA: Gracias por me permitir a palabra.

En primeiro lugar deixar moi clara a situación e fai moi ben en non ler a acta daquel día porque se dixeron moitas cousas, pero para non reabrir debate non vou entrar niso.

Asimismo, es necesario desarrollar esfuerzos para la mejora de las diferentes normas y regulaciones, que faciliten la eficacia, eficiencia, agilidad y adaptabilidad de los procesos y procedimientos de las Administraciones Públicas y, por ende, la mejora en la prestación del servicio a la ciudadanía, así como la productividad nacional.

2.3.4. Acceso electrónico de los ciudadanos a los servicios públicos.

Es preciso hacer efectivos los derechos reconocidos en la Ley 11/2007, que regula el acceso electrónico de los ciudadanos a los servicios públicos, poniendo a disposición de la ciudadanía la información completa y actualizada sobre los servicios y procedimientos administrativos, permitiendo su tramitación multicanal y habilitando el acceso telemático a la información personalizada de los expedientes en tramitación. Asimismo, debe evitarse la necesidad de presentar certificados de datos que obren en poder de cualquier Administración y procurar la proactividad en las actuaciones administrativas.

2.3.5. Evaluación de las Actividades y Resultados.

Para determinar el nivel de eficacia, rendimiento y satisfacción con las políticas y servicios públicos, es indispensable realizar actividades de seguimiento y análisis soportadas en hechos y evidencia, que generen información para retroalimentar los procesos de mejora continua y de aprendizaje organizativo.

2.3.6 Establecimiento de sistemas de sugerencias y reclamaciones.

La implantación generalizada de estos mecanismos es imprescindible para acercar la Administración y permitir a la ciudadanía trasladar a la organización de manera simple, ágil y espontánea los motivos de su insatisfacción con los servicios recibidos, o incluso realizar propuestas de mejora. Será necesario incidir en que estos mecanismos de retroalimentación, que identifican las disfunciones en la prestación de los servicios, adquieren su verdadera utilidad si posteriormente se encaran las correspondientes acciones de mejora.

2.3.7. Participación Ciudadana.

La incorporación de la “voz de los ciudadanos y las ciudadanas”, tanto al diseño de las políticas públicas, como a los procesos de prestación de los servicios públicos, es un rasgo de desarrollo democrático, de buen gobierno de los servicios públicos.

Las Administraciones Públicas habrán de fomentar cauces de participación adecuados a cada situación concreta, innovando permanentemente para generar ese acercamiento tan provechoso entre Administración y sociedad e implicando a todos los grupos de interés o miembros de la comunidad que se vean afectados por la gestión de las Administraciones Públicas.

2.3.8. Desarrollo de las capacidades de las empleadas y los empleados públicos y reconocimiento de su implicación en la mejora continua de la calidad en la gestión.

El principal capital con el que cuentan las Administraciones Públicas está formado por las personas que trabajan a su servicio. Su implicación en la mejora continua de la calidad de la gestión pública resulta clave, por lo que debe crearse un marco facilitador del desarrollo de su potencial, tanto en el ámbito profesional como personal. A tal fin se desarrollarán acciones formativas y de capacitarnos, con especial énfasis en la gestión pública, la calidad del servicio y la atención a la ciudadanía.

Asimismo se gestionará y transferirá de forma adecuada el conocimiento en las organizaciones y se promoverá y fomentará el impulso de sistemas de evaluación del desempeño de las personas que trabajan al servicio de la Administración que establece el Estatuto Básico del Empleado Público, en función de las evidencias objetivas de mejora de los servicios que permiten los sistema de gestión de la calidad.

3. DECÁLOGO DE COMPROMISOS PARA LA IMPLANTACIÓN DE LA CALIDAD EN LAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

La Administración Pública es compleja, comprende a toda una serie de organizaciones que tratan de responder a problemas sociales diversos y cada vez más sofisticados, cuyo denominador común es el servicio a la sociedad dentro del marco jurídico. Es natural que su modernización avance de forma heterogénea. Sin embargo, en gran medida gracias a la presión ejercida por una ciudadanía cada vez más madura y consciente de su papel protagonista en la mejora de los servicios públicos, los sectores de la Administración más aventajados se convierten rápidamente en punto de referencia para el resto. No obstante, para desarrollar con garantías una cultura de calidad en nuestras Administraciones, será necesario llevar a cabo iniciativas concretas a partir de unas premisas comunes, que se expresan en esta Carta adoptando la consideración de compromisos.

Las Administraciones Públicas españolas, en sus tres niveles de gobierno -nacional, autonómico y local-, acuerdan cumplir y desarrollar en sus correspondientes ámbitos, según la diversidad de sus respectivas condiciones, los siguientes compromisos de calidad:

1º.- Determinar estructuras o mecanismos de apoyo necesarias para implantar la Calidad en las Administraciones

El desarrollo de una cultura e instrumentos de calidad en las Administraciones Públicas requiere de estructuras o mecanismos de apoyo que habrán de definirse convenientemente. La necesaria dotación presupuestaria y de recursos para dichas estructuras o mecanismos , así como la implicación política y directiva con las mismas, es una buena forma de comenzar a demostrar que la Administración está efectivamente comprometida con la calidad.

2º.- Adoptar fórmulas organizativas y de coordinación interadministrativa para garantizar la ejecución efectiva de las Políticas de Modernización y Calidad.

Para impulsar una gestión pública orientada al servicio a la ciudadanía se promoverá el desarrollo de programas marco en el ámbito de la calidad, desde una perspectiva integral, escalable y adaptada a la realidad de todas las Administraciones.

3º.- Fomentar el intercambio de experiencias y la gestión del conocimiento.

El desarrollo de este compromiso se llevará a cabo mediante la elaboración de metodologías comunes, la puesta en marcha de acciones formativas y la publicación de documentos y guías que sirvan de referencia para la difusión de una cultura de calidad en las Administraciones españolas y que puedan compararse con los más elevados estándares internacionales.

La celebración de conferencias y foros interadministrativos, tanto generales como sectoriales, así como el establecimiento de bancos de buenas prácticas, contribuirán al intercambio de experiencias y la difusión de las mejores prácticas.

4º.- Apostar por la innovación en la gestión mediante la dotación de infraestructuras y la incorporación de instrumentos y tecnologías orientadas a la ciudadanía.

Se incorporarán instrumentos en la carrera profesional y dotará a las organizaciones públicas de infraestructuras normativas y gerenciales que impulsen la innovación y creatividad y aplicando las técnicas y herramientas más novedosas, aprovechando al máximo las nuevas tecnologías de la información y la comunicación, compartiendo conocimientos y recursos tecnológicos. Todo ello desde una perspectiva de acercamiento del servicio a la ciudadanía y de mejora en la gestión, sin perjuicio de seguir implantando los diferentes métodos de ingeniería de mejora en uso.

5º.- Aplicar el análisis y evaluación permanente de las normas, programas, planes y políticas públicas

Se desarrollarán herramientas de tipo cualitativo y cuantitativo, incorporando las expectativas, percepciones y valoraciones de los actores clave, con un enfoque abierto metodológicamente pero riguroso y estructurado. El objetivo será utilizar los resultados para la mejora de los procesos, normas, programas, planes y políticas públicas, así como de las organizaciones y servicios.

6º.- Desarrollar fórmulas de reconocimiento a organizaciones y a personas, incluyendo los incentivos ligados a la evaluación del desempeño.

Los premios y certificaciones de calidad a organizaciones públicas posibilitan la difusión de los modelos de gestión, sirven de motivación al logro para las

organizaciones, contribuyen a establecer objetivos de mejora e identifican las buenas prácticas.

La existencia de un programa nacional de Premios a la Calidad o a la Excelencia supone una oportunidad para facilitar a todas las Administraciones la participación conjunta en estos procesos. También permite reconocer a aquellas organizaciones públicas, de cualquiera de los ámbitos administrativos, que se hayan distinguido notoriamente y promueve la innovación en la gestión pública y la difusión y el intercambio de buenas prácticas a escala nacional.

La utilización de estas certificaciones y premios que reconocen la mejora de la calidad de los servicios ha de servir igualmente como medio de recompensar el esfuerzo de las personas que trabajan en ellas, incluyendo, en su caso, incentivos ligados a la evaluación del desempeño.

7º.- Rendir cuentas a la sociedad

Mediante la puesta en marcha de observatorios de calidad que incorporen de manera prioritaria la “voz de las ciudadanas y los ciudadanos” con respecto a los servicios, planes, programas y políticas públicas. Los informes de dichos observatorios proporcionarán información a la sociedad sobre la calidad de los servicios públicos de forma comparada y deberán servir para alimentar la adopción de decisiones y detectar nuevas necesidades y problemas de carácter público.

8º.- Elaborar y difundir Cartas de Servicios

Las Administraciones Públicas deben publicar Cartas de Servicios que declaren los compromisos de mayor interés para la ciudadanía sobre servicios o procesos concretos, así como los indicadores y estándares de calidad asociados a los mismos. Se desarrollarán también las diversas modalidades de difusión de las cartas, tratando de unificar criterios entre las diferentes Administraciones, de forma que la ciudadanía pueda conocer el compromiso asumido y atribuirlo al organismo pertinente para exigir su cumplimiento.

9º.- Integrar la calidad en los programas de gobierno.

La calidad en las Administraciones no se logra por esfuerzos espontáneos, sino por la acción planificada que se lleva a cabo desde las acciones de gobiernos comprometidos con la misma. Implantar la calidad conlleva un ejercicio de planificación estratégica que requiere un adecuado soporte político, para así garantizar la integración de la calidad en los programas de gobierno y en los marcos normativos como factor clave a lo largo de todo el proceso de modernización.

Ello requerirá la armonización del análisis del entorno -lo que espera la ciudadanía y otros grupos de interés- con el análisis institucional, de carácter técnico y político.

10º.- Establecer los mecanismos adecuados para el seguimiento y revisión de la carta

La “Red Interadministrativa de Calidad en los Servicios Públicos” constituye el

marco apropiado para establecer los oportunos dispositivos de seguimiento, necesarios para verificar la implantación de la calidad en las Administraciones españolas y, en su caso, para la revisión de la formulación de los compromisos de esta Carta.

Conscientes de que la adopción de los contenidos expresados en este documento conlleva una considerable implicación en la mejora de la calidad y orientación al servicio público de las Administraciones Públicas, el conjunto de representantes de las Administraciones estatal, autonómicas y locales acuerdan y se comprometen a su desarrollo en todas aquellas actuaciones que puedan contribuir a la mejora de la calidad en la gestión pública, difundíendola por los medios que en cada caso se consideren idóneos.”

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación Municipal e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas mulleres vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1.- (34).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO Ó MINISTERIO DE FOMENTO A RECONSIDERAR A SÚA NEGATIVA E A DECLARAR COMO VÍA URBANA O TRAMO DA AP-9 RANDE-VIGO. EXPTE. 124/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de febreiro, número 125/1101, a voceira do Grupo municipal do BNG presenta a seguinte moción:

“O pasado 7 de febreiro acabamos de coñecer a negativa por parte do Ministerio de Fomento de declarar vía urbana o tramo da AP-9 dende Rande ata Vigo. A argumentación dada á Deputada Olaia Fernández Davila parécenos cando menos baleira de contido e inexplicable: “O dito tramo forma parte da autoestrada e cumpre a misión fundamental de dotalo aos tráxicos de medio e longo percorrido da accesibilidade necesaria á cidade de Vigo”.

Non entendemos cales serían os prexuízos que para accesibilidade dos tráxicos á cidade de Vigo, tería declarar vía urbana este tramo.

Polo contrario pensamos, como así tamén o pensan os colectivos do barrio, que a declaración de vía urbana do tramo da AP-9 melloraría grandemente os problemas

de tráfico que padece esta zona. Ademais posibilitaría que o Concello de Vigo puidese desenvolver e configurar un novo barrio.

Esta proposta aliviaría de tráfico tanto a rúa Sanjurjo Badía como a Travesía de Vigo e poderíanse humanizar estas zonas e mellorar os accesos ao Troncal e ao Barrio das Flores. Poderíase aproveitar, tamén, para acondicionar os dous lados da autoestrada que están moi deteriorados. Unha vez que se ten conseguido o soterramento das vías do tren na súa chegada a Vigo e o anuncio dunha gran zona verde, a declaración de vía urbana deste tramo configuraría un elemento esencial para a estruturación dun barrio que historicamente se atopa dividido por mor das vías de comunicación que o atravesan.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte moción:

A Corporación Municipal do Concello de Vigo insta ao Ministerio de Fomento a reconsiderar a súa negativa e a declarar como vía urbana o tramo de AP-9, Rande-Vigo.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 21 de febreiro, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Acabamos de coñecer o pasado 7 de febreiro, a través dunha pregunta que a nosa deputada, Olaia Fernández Davila, presentou no Parlamento do Estado, a negativa pola banda do Ministerio de Fomento a declarar vía urbana o tramo da AP-9 dende Rande a Vigo.

Temos que comezar dicindo que a argumentación dada nesa resposta polo Ministerio de Fomento carece absolutamente de todo tipo de consistencia: “O dito tramo da AP-9 forma parte da autoestrada e cumpre a misión fundamental de dotar ós tráfico de medio e longo percorrido da accesibilidade necesaria á cidade de Vigo”. Esta é a única argumentación.

Non entendemos o por que desta negativa en base a esa argumentación cando por unha banda estamos diante dunha demanda histórica veciñal do propio barrio de Teis, xa que hai que explicar ós cidadáns que declarar como vía urbana este tramo traería unhas moi importantes vantaxes non só para o tráfico do barrio, senón para o de toda a cidade e tamén permitiría vertebrar unha zona moi importante da nosa cidade, o que é tamén importante.

En primeiro lugar o feito de declarar vía urbana significa que calquera cidadán hoxe podería acceder a Teis dende o propio centro de Vigo e viceversa. Significaría

ademais que se aliviaría grandemente todo o tráfico rodado da rúa Sanjurjo Badía, arteria principal do barrio de Teis, e tamén se aliviaría en gran medida todo o tráfico da Travesía de Vigo.

A polémica que nestes días hai de “tráfico pesado, si-tráfico pesado, non”, que nós pensamos que “tráfico pesado, non” pero que lle hai que dar alternativas, coa declaración deste tramo como vía urbana alternativa, o tráfico pesado estaría absolutamente asegurado.

O que é máis importante como todos e todas sabemos é que o barrio de Teis foi un barrio que por mor das estruturas viarias que o atravesaron, por mor do progreso, efectivamente, por mor desas liñas de ferrocarril e demais, foi un barrio que quedou tronzado á metade, quedou fisicamente separado. Isto podémolo observar na evolución de como a parte baixa de Teis, por dicir así, seguiu un camiño completamente distinto á parte alta. Podemos contemplar tamén hoxe en día a dificultade precisamente de comunicar o barrio no seu conxunto.

A declaración de vía urbana deste tramo, ademais de eliminar a peaxe en Rande e polo tanto que tamén os accesos do concello limítrofe Redondela-Vigo poidan ser moito máis fáciles, permite que o propio Concello a través do Plan Xeral poida abrir novas vías e reorganizar e vertebrar un barrio que nestes momentos non o está. Aproveitando ademais que a chegada do AVE a Vigo, cando chegue, vai ser soterrada e vai haber unha gran zona de espaxamento, loxicamente deberíamos aproveitar isto tamén para incidir nesta vertebración do barrio.

Hai que dicir ademais que diante de certas manifestacións pola banda do ministro de Fomento en relación a que nada de eliminar peaxes senón que todo o contrario, que mesmo habería que incrementar ou poñer algúns máis, o que temos que dicir nós é que non se pode poñer no mesmo caixón a un tramo e a unha autoestrada que está suficientemente amortizada nestes momentos, xa que os vigueses e as viguesas, os galegos e galegas levamos máis de trinta anos pagando peaxes precisamente neste tramo. Polo tanto esta tampouco pode ser unha xustificación para a negativa.

Por todo isto pensamos que esta Corporación se debe manifestar unanimemente a prol da conversión deste tramo Rande-Vigo en vía urbana, con todas as vantaxes e melloras que isto traería para Teis e para a cidade tal e como expliquei antes.

O Bloque Nacionalista Galego presenta para a súa votación un acordo moi sinxelo:

“A Corporación municipal do Concello de Vigo insta ó Ministerio de Fomento a reconsiderar a súa negativa e a declarar como vía urbana o tramo da AP-9, Rande-Vigo”.

SR. LÓPEZ FONT: A petición que se formula nesta moción, como así se recoñece e como acaba de manifestar o Sr. Domínguez Olveira, é sobre un tramo da autoestrada. É dicir, detrás do recoñecemento de vía urbana que se solicita, está a eliminación dunha peaxe. Polo tanto é lóxica e baseada na legalidade vixente a resposta que dá o Ministerio de Fomento.

A preocupación polo tráfico pesado e polos accesos á cidade é unha constante deste goberno municipal, pero entendemos que o pedimento se debe realizar correctamente. Neste sentido coidamos que esta petición a hai que dirixir no sentido que o fixo o alcalde en canto ó que é a situación actual, recoñecendo que este tramo forma parte da autoestrada e só se a concesionaria accedera a anular a peaxe, poderíase realizar esta petición. É evidente que nos engadimos á proposta que realizou o alcalde e que en igualdade de condicións a como se anulou a peaxe de Rande por parte do goberno da Xunta de Galicia sendo presidente D. Emilio Pérez Touriño, esa é a reclamación que debemos facer e o pedimento que lle debemos realizar ó presidente da Xunta de Galicia, instarlle a que negocie coa concesionaria a retirada da peaxe de entrada na autoestrada dende Buenos Aires ata o seu remate en Isaac Peral e Alfonso XIII. Esta é a demanda que se debe realizar, é acertada no seu contido e este debe ser o seu destinatario.

Neste sentido coido que os socialistas temos toda a autoridade moral para reivindicar que isto sexa precisamente así. Unha demanda histórica para a cidade, para a comarca e para toda Galicia de que se anulase a peaxe Vigo-Rande realizouse polo goberno da Xunta de Galicia sendo presidente o Sr. Touriño. Esa si foi unha clara aposta por favorecer a Vigo, ó Morrazo e a toda Galicia cun custe económico evidentemente para o goberno galego, pero do que se están a beneficiar todos os cidadáns, os milleiros de cidadáns que transitan pola Ponte de Rande e, como así se demostrou, a necesidade de ampliar a Ponte de Rande que precisamente é outra demanda que tamén fixo de seu e concretándoa no Boletín Oficial do Estado o Ministerio de Fomento, co paso dado en canto á información pública da AP-9 en Rande.

Creemos polo tanto que a actitude do goberno da Xunta do Sr. Touriño foi digna dun presidente da Xunta e creemos que é a hora de que o Sr. Núñez Feijóo asuma a necesidade que ten o transporte metropolitano desta cidade e acolla o noso pedimento de que negocie coa concesionaria a eliminación desta peaxe que, en suma, coincidiría co pedimento que neste momento se formula e convertería este tramo nunha vía urbana, tanto para os cidadáns como para a eliminación do transporte pesado.

Pero aquí hai responsabilidades históricas que, como dicíamos antes na moción da luz, tamén lle corresponden o Partido Popular. Cando se di aquí que xa está amortizada a autoestrada é absolutamente certo, pero só hai un responsable de que a autoestrada teña hoxe un prazo de caducidade que é o ano 2048 e ese é o goberno do Sr. Aznar. Por moitas risas que se produzan nas bancada do Partido Popular é un feito irrefutable que a concesión tiña un período de vixencia, que esa concesión volvería ós cidadáns de toda Galicia e só as políticas partidistas, de favorecer a determinados sectores empresariais e non sei con que interese persoal, conduciu ó goberno do Sr. Aznar a condenar, a castigar ós cidadáns de toda Galicia a que a peaxe pola utilización das autoestradas fose por un tempo superior.

Na liña co que acabo de manifestar, presentamos un texto alternativo á moción presentada que literalmente di: “Instar ó presidente da Xunta de Galicia a que negocie coa concesionaria da AP-9 a retirada da peaxe no tramo dende Buenos Aires ata o remate da autoestrada en Isaac Peral e en Alfonso XIII”. Creemos que é o destinatario que ten que atender este pedimento.

SR. FIGUEROA VILA: Non me estraña que ó Partido Socialista lle estea a pasar o que lle está a pasar porque está totalmente desconectado da realidade en todos os temas. Creo que con tal de desviar a atención, de manipular a información, de non seren responsable absolutamente de nada, todos os culpables están fóra do Partido Socialista, dependendo en que esferas de poder ou da administración que toque. Agora están obsesionados co presidente Feijóo, toda a culpa a ten el.

Sr. López Font, aquí hai un problema real de competencias e a competencia para resolver este tema é do Ministerio de Fomento, polo tanto creo que nos sobran catro minutos. Hai que ir ó gran. Vostedes intentan desviar a atención e nós o que queremos é que se resolvan os problemas.

Nós imos apoiar a moción do Bloque se a mantén tal e como está. Parécenos unha moción correcta, sinxela e que concreta o problema real. Poderíase estender noutras argumentacións que seguramente nós ampliaríamos, pero o final o obxectivo fundamental é que a Corporación municipal de Vigo se dirixa ó Ministerio de Fomento para que reconsidere a súa negativa e declare como vía urbana o tramo da AP-9 Rande-Vigo.

Supoño que isto o entenden todos os cidadáns que queren que esa vía, esa parte da autoestrada, sexa unha vía urbana. Iso enténdeno todos, o demais, Sr. López Font, é desviar a atención ou intentar manipular que é o que están acostumbrados.

Non me estraña que estean totalmente desconectados da realidade onde gobernan porque a cidadanía vai por outro lado totalmente distinto, o que quere é que lle resolvamos os problemas. Diante dunha proposta, dunha iniciativa dun grupo político, neste caso do BNG pero podería ser do Partido Popular como ocorre noutros casos, vostedes nunca asumen a súa responsabilidade, non queren concretar, queren desviar a atención. Sigán así que seguramente esa desconexión que teñen coa sociedade pasaralles factura.

Se o Bloque mantén a moción tal e como a presentou, nós imos votala a favor como non podía ser doutro xeito porque nos parece unha proposta e unha iniciativa interesante para a cidade de Vigo e para un barrio tan populoso como é o de Teis, que creo que entre todos debemos intentar que se poida ver beneficiado por esas dificultades que tivo en momentos determinados polas moitas entradas de comunicación na cidade. Non só os veciños de Teis porque o final nos veríamos beneficiados todos os veciños de Vigo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Xa anuncio que o BNG vai manter a súa moción tal e como a presentou, entre outras cousas porque cando presentamos mocións, cando a nosa deputada presenta preguntas, sabemos de sobra de quen son e de quen deixan de ser as competencias, tanto a nivel estatal como da Xunta de Galicia.

Non sei se o Ministerio de Fomento, Sr. López Font, terá ou non competencias, pero lle vou ler o que di a resposta, tal e como ven, en castelán, por se acaso se entende que traduzo mal do castelán, non vaia ser. Di: "La autopista del atlántico AP-9 es uno de los ejes principales de comunicación viaria de Galicia, permitiendo la conexión entre algunas de las principales ciudades gallegas: Ferrol, A Coruña,

Santiago, Pontevedra, Vigo y Tuy, habiéndose sido diseñada y construida como vía de alta capacidad que ha de resolver con la funcionalidad, seguridad vial y nivel de servicios adecuados, los tráficos de largo y medio recorrido". E di o Ministerio que se ve que non ten competencias: "...por lo tanto su misión no es la de resolver cuestiones de tráficos eminentemente urbanos como los planteados". Se non hai competencia, por que ten que dicir o Ministerio de Fomento se unha autoestrada ten ou non que resolver o tema dos tráficos urbanos?

En todo caso non imos entrar unha vez máis na liorta PP-PSOE, de quen ten ou non competencias ou de quen é a culpa. O dato claro é que esta é unha demanda social apoiada por todos e cada un dos colectivos do barrio. Unha demanda ademais que vai servir para vertebrar o barrio de Teis, que presentamos aquí, que a presentaremos no Parlamento galego e que presentaremos como proposición non de lei no goberno do Estado. Polo tanto deixen de se tirar as pelotas uns ós outros, nesas tres institucións tanto o Partido Socialista, como o Partido Popular teñen a oportunidade de votar a favor e se hai unanimidade no Parlamento galego e tamén no español, non hai absolutamente ningún problema para que se declare vía urbana este tramo da AP-9.

Nós mantemos a moción tal e como a presentamos e di: "Que a Corporación municipal do Concello de Vigo inste ó Ministerio de Fomento a reconsiderar a súa negativa e a declarar como vía urbana o tramo da AP-9 Rande-Vigo".

A PRESIDENCIA: Procedemos á votación da moción rexeitada a emenda do Grupo socialista.

Emenda formulada durante o curso do debate, por escrito de data 28.02.11, polo voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font:

Instar ao presidente da Xunta de Galicia a que negocie coa concesionaria da AP-9 a retirada da peaxe no tramo de Buenos Aires ata o remate de autopista nas rúas Isaac Peral e Alfonso XIII.

Ao non ser aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, a Presidencia non a somete a votación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezaioito votos a favor dos membros do Grupo municipal do PP, Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e nove abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, relativa a instar ao Ministerio de Fomento declarar como vía urbano un tramo da AP-9, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

5.2.- (35).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA Ó RECOÑECIMENTO DUNHA DÉBEDA HISTÓRICA POLA FALTA DE INVESTIMENTO NA CIDADE, Á INMEDIATA CONSTRUCCIÓN DO COLEXIO ALEMÁN E Á CONSTITUCIÓN URXENTE DO COMITÉ TÉCNICO SOBRE O AEROPORTO DE PEINADOR. EXPTE.130/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro, número 130/1101, o voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, presenta a seguinte moción:

“A Deputación Provincial de Pontevedra non atende ás demandas do Concello de Vigo. En tres ocasións o Pleno desta Corporación requiriu da Deputación demandas concretas e ningunha delas foi contestada.

Desde as últimas eleccións municipais no ano 2007, a Deputación tivo un orzamento cunha media de ingresos de 140 millóns de euros, por contribucións directas e indirectas das administracións. A contribución da cidade de Vigo a estes orzamentos en base á súa poboación é do 35%.

O investimento da Deputación Provincial de Pontevedra foi de 0 euros, dato confirmado polo vicepresidente da Deputación e concelleiro deste Concello, D. José Manuel Figueroa Vila, que en ningún debate das tres mocións aprobadas polo Pleno

foi quen de achegar concreción ningunha sobre investimentos en Vigo.

Mención especial merecen o tratamento que a Deputación deu aos seus compromisos coa construción do Colexio Alemán e coa creación dunha comisión sobre o Aeroporto de Peinador.

A variedade de escusas demostra ás claras a intención de marxinar a esta cidade, de non recoñecer o peso poboacional que ten Vigo na provincia de Pontevedra e constitúen un claro exemplo de discriminación por motivos partidistas.

Por todo o anterior, propónse o seguinte acordo:

Instar á Deputación Provincial de Pontevedra a:

- 1.- Recoñecer unha débeda histórica de 100 millóns de euros pola falta de investimento na cidade durante os exercicios 2008, 2009, 2010 e 2011.
- 2.- O comezo inmediato da construción do Colexio Alemán de acordo co proxecto que obra no seu poder e sobre o que manifestaron o seu compromiso de execución.
- 3.- Convocatoria, con carácter de urxencia, do comité técnico constituído o pasado 23 de Novembro de 2010 sobre o Aeroporto de Peinador.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 21 de febreiro, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: É a cuarta vez que pola parte do Grupo municipal Socialista se presenta unha moción a este Pleno sobre os investimentos da Deputación provincial de Pontevedra na cidade de Vigo. As tres mocións anteriores non se atenderon, nin como cortesía institucional foron minimamente debatidas, nin se conectou co alcalde da cidade.

Amoso total satisfacción, Sr. Figueroa, pola súa intervención na moción anterior. Acúsanos de estar lonxe da realidade, de buscar culpables, de desviar a atención, de estaren alleos á realidade e entendo polo tanto que vostede debe estar moi na realidade, moi centrado no que realmente lle corresponde e, tendo en conta que é o vicepresidente primeiro da Deputación, estou convencido de que as xustas demandas que se realizan dende esta cidade, malia non as atenderen nas tres mocións anteriores, deberon facer vostede e o goberno da Deputación un acto de reflexión e neste caso si as van atender. Coido que, se pretende dar leccións ós demais e colocarse como centro da razón fronte ó que outros dicimos, seguro que nesta ocasión vai estar de acordo co que presentamos.

Estará de acordo con que a poboación de Vigo significa o 35% da provincia. Sendo vicepresidente primeiro da Deputación estará de acordo con que o investimento da Deputación na cidade foi de cero euros. Tamén con que as peticións que se formularon mediante escrito polo Sr. Alcalde ó presidente da Deputación non se atenderon e estará de acordo en que, dado que a Deputación provincial de Pontevedra ten un orzamento de 150 millóns de euros e dado que vostede vive na realidade, recoñecerá que a esta cidade lle correspondería un investimento mínimo de 25 millóns de euros durante os catro anos deste último mandato.

Polas clases que me pretendeu dar antes, entendo que vostede está nisto porque é unha realidade que a Deputación aquí non investiu absolutamente nada. Iso si, para contar mentiras vostedes se bastan, para poñer en cor toda esa publicidade que comprende fotos de candidatos do Partido Popular ás alcaldías, isto é así. Teño aquí unha publicidade exemplo dunha das maiores mentiras que poden facer dende a Deputación: pretender facer crer ós cidadáns de Vigo que investiron 9 millóns de euros, suponse que nos últimos anos; é absolutamente falso porque, Sr. Figueroa, están mesturando campos de fútbol xa realizados no anterior mandato. Están mesturando todo e enganando ós cidadáns. Iso si, as fotos da Sra. Porro non poden ser prescindibles nunha publicidade deste tipo e así se comproba claramente a intención partidista da Deputación provincial de Pontevedra.

Vostede, Sr. Figueroa e máis a Sra. Porro, son responsables como vicepresidentes da Deputación do agravio da Deputación provincial con esta cidade, son os responsables de que non se investira nesta cidade durante estes catro anos, pero iso si, a remolque continuamente das propostas políticas que fai o alcalde permanentemente.

Cando falamos do colexio alemán todo son escusas, cando teñen no seu poder dende hai dous anos o proxecto e pódeno realizar perfectamente e xa dicía o outro día que o poden realizar mañá. O que ocorre é que só buscan escusas, falan da cesión dos terreos pero eu preguntolle se nalgún campo de fútbol no que vostedes fixeron a instalación da herba sintética, teñen a cesión dese campo de fútbol para realizar esa obra?

Creo que a política da Deputación non é a que lle corresponde a esta cidade e que a súa única resposta é facer actos de entrega de cheques, como o realizado a semana pasada, un acto que parece máis ben da beneficencia de hai dous séculos.

Deben saber vostedes que os cidadáns e as asociacións desta cidade teñen dereitos e que non se deben tratar como vasallos.

SR. ALONSO PÉREZ: No Pleno pasado, no debate dunha moción parecida, eu dicía que se saíramos á rúa e lles preguntáramos ós veciños e veciñas sobre a prioridade política da Deputación, todos os veciños terían claro: a prioridade é facer mocións de censura e cambiar gobernos democráticos mediante tráfugas. Esa é a prioridade política da Deputación.

Tamén aclaraba que, no principal problema que ten a sociedade que é o desemprego, dun investimento do que o presidente da Deputación se reserva o 20%, 14 millóns de euros para investir onde el quere, a Vigo destináballe cero euros. Fíxense vostedes a preocupación que ten o Partido Popular polos problemas dos cidadáns: cero euros destinados para o desemprego en Vigo.

Tamén clarexaba que estaba á espera da resposta dun escrito que enviei no mes de decembro de 2009 ó presidente da Deputación porque, como sempre nos teñen acostumados, fan publicidade e dicían que tiñan nada máis nin nada menos que 25 millóns de euros para investir en materia deportiva na cidade. Claro que eu ó ler ese anuncio pensei que a ver se ía ser verdade e envieille unha carta rapidamente á Deputación e díxenlle que estaba á espera. Dixen no Pleno pasado que agardaba que ó día seguinte a Deputación se puxera en contacto co responsable de organizar o tema deportivo na cidade de Vigo porque son eu o concelleiro de Deportes, pero sigo agardando polos 25 millóns de euros que a Deputación ten destinados, parece ser, para investimentos deportivos na cidade. Estas cousas xa as aclarei no Pleno pasado.

Cada vez está máis claro que non se vai facer este debate neste Pleno porque afortunadamente está cambiando a percepción dos cidadáns. Se hai cinco ou dez anos era o BNG o único que tiña claro que as deputacións eran unhas institucións anacrónicas e caciquís que tiñan que desaparecer, afortunadamente hoxe, por mor da crise e porque cada vez máis cidadáns se apuntan a que hai que racionalizar o gasto e a que non se dobren administracións, é maioritaria a posición de que as deputacións desaparezan. Por iso creo que xa vai sendo hora de que falemos claro politicamente, de que escoitemos ós cidadáns porque non queren administracións caciquís, administracións do século XIX e o que ten que facer a Deputación é non

seguir discutindo, que desapareza xa. Iso é o que realmente están a demandar os cidadáns.

Agardo que coa creación da área metropolitana as deputacións pasen a mellor vida e realmente as institucións teñan que ver co que os cidadáns precisan para resolver os seus problemas, que non haxa administracións do século XIX, caciquís, que se dedican a facer falsa propaganda e a subvencionar ós seus amigos.

SR. FIGUEROA VILA: No día de hoxe estou moi satisfeito porque me decato de que a Deputación está facendo dano politicamente na cidade de Vigo e ó goberno de Vigo.

Sr. López Font, é lamentable que vostede teña ó seu carón unha deputada e que non interveña neste tema. Non me estraña, o Grupo Socialista na Deputación está desfeito, non hai nin voceiro, nin falan nos plenos e érguense deles. É dicir, unha desfeita e unha absoluta incoherencia.

Sr. Alonso, non sei que pinta na Deputación. Presente a dimisión xa. O incoherente é vostede porque, que fan en Lugo ou na Coruña? É dunha absoluta incoherencia. Marchen da Deputación se non cren nela e vostede, Sr. Alonso, presente xa a dimisión porque non pinta nada alí.

Voulles dar unha información e un titular: "A Deputación destina máis de 30 millóns de euros nos últimos anos na cidade de Vigo". Demostrareino.

Dóenlles as informacións e os feitos reais. O problema que teñen vostedes é que están preocupados polos coxíns, polas beirarrúas, polo asfalto.

Nós non queremos máis beirarrúas para os 13.000 parados. Estamos percorrendo todas as parroquias durante estes tres anos e falta o saneamento nas casas, falta abastecemento, vías de comunicación, apoios sociais, culturais e deportivos. Ese é o problema que teñen as parroquias. O outro día estivemos en concreto nunha parroquia e nela hai trinta vivendas que por 150.000 euros non teñen saneamento. A vostedes iso non lles preocupa.

Nós estamos a facer o traballo que temos que facer, defendendo o aspecto social, cultural e deportivo. Parece que iso lles molesta, moléstalles que a Deputación estea destinando máis de 30 millóns de euros para a cidade de Vigo. Póñanse de acordo porque, damos ou non axudas?

Con respecto ó colexio alemán, por que menten tanto se se iniciou o expediente e

dende agosto está paralizado na Xerencia de Urbanismo? Dende agosto está paralizada a modificación do Plan Xeral para o colexio alemán. Como imos construír nós un colexio se non se nos ceden os terreos?

Falta de compromiso, ineficacia, falta de xestión... O problema que teñen vostedes é que non teñen capacidade para xestionar. Puxéronlles 90 millóns de euros nas mans e o único que fixeron foi beirarrúas e chegar a 13.000 parados máis. Esa é a realidade social desta cidade.

Con respecto ós 25 millóns de investimento en Navia, claro que os había. Pero, Sr. Concelleiro de Deportes, entenda que vostede non é o alcalde, vostedes van por un lado e o alcalde por outro. O presidente da Deputación estivo co alcalde e díxolle que lle cederan os terreos do colexio alemán e os de Navia para construír un complexo de lecer, recreativo e deportivo por 25 millóns de euros. Non se puido facer por falla de xestión, de eficacia de seu, do goberno da cidade de Vigo.

Non falou do Comité de Rutas. Claro que nós estamos traballando, pero traballando rigorosamente porque a única institución que a día de hoxe ten feitos os deberes en Peinador é a Deputación de Pontevedra porque acadou dende o ano 2006 un acordo con Air Europa e hai catro voos diarios ida-volta a Madrid gracias á xestión feita pola Deputación de Pontevedra. Sabe como lle chaman a vostede nalgunhas compañías por aí enriba? Non llo vou dicir porque cando se acadaban voos a Londres por 300.000 euros unha ruta, vostedes fixeron unha proposta de 600.000 e rinse de vostedes pola cantidade de diñeiro que achegaron. O que están xerando é un *mercadeo* no aeroporto de Peinador, a ver quen paga máis.

Nós temos o noso criterio moi claro e daremos unha resposta concreta e clara cando teñamos o estudo completamente rematado.

Agora vostedes elaboran un plan estratéxico que, como di o meu compañeiro, é a estafa piramidal de futuro, das mentiras. É dicir menten con respecto ó futuro para agochar as mentiras anteriores. Din que van conseguir non sei que do aeroporto de Peinador e tamén din que hai un plan estratéxico para decembro do ano que ven, pero resulta que as mercadorías non poden entrar no aeroporto de Vigo porque non se pode abrir pola noite. Un alcalde, se como di é forte e ten un contacto directo co Ministerio de Fomento, abre mañá o aeroporto de Peinador para que funcione tamén pola noite. Pero o alcalde non ten ese poder que di ter. Eses son os problemas que teñen vostedes enriba da mesa.

Sr. López Font, arranxen os problemas que ten o Grupo Socialista da Deputación de Pontevedra que é unha auténtica desfeita.

SR. LÓPEZ FONT: Quen é unha desgracia e unha desfeita para esta cidade é vostede como vicepresidente da Deputación. É indigno que un concelleiro elixido por esta cidade sexa vicepresidente da Deputación e faga o papel que fai vostede. O indigno politicamente desta cidade é vostede que é quen ten a responsabilidade de que esta cidade teña investimentos da Deputación e o único que busca son excusas partidistas para protexer á súa xefa política, candidata á Alcaldía de Vigo.

O debate da Deputación ó único que lle fai dano é a vostede, Sr. Figueroa, porque vostede ten a responsabilidade e vai a remolque de cada unha das propostas que fai o alcalde. As frases: “demostrareillo”, “debaterémolo”, “volveremos falar disto”, escoiteillas moitas veces. Aínda estou pendente de que asuma o reto de falar de Finca do Conde e do auditorio.

Sr. Figueroa, con esta tivo xa catro oportunidades para nos demostrar que a Deputación investiu 30 millóns de euros e en ningunha delas dixo no que investiu a Deputación.

Non me fale de prestacións sociais nin de beirarrúas segundo lle interese porque nos concellos onde conseguen mocións de censura con tráfugas si invisten vostedes en beirarrúas. Por exemplo e en canto ó saneamento, é absolutamente vergoñento que a Sra. Porro dixera en campaña electoral que estaba solucionado todo o saneamento desta cidade porque o tivemos que repoñer con todas as obras de humanización e, vostede ven dicir que só falta o saneamento dalgunhas casas? Como lles doe. Está nas hemerotecas, Sr. Figueroa. O saneamento da cidade de Vigo resolveuse gracias ó goberno actual.

En canto ó colexio alemán poden comezar cando queiran porque a modificación se refire a ampliación e teñen o proxecto no seu despacho dende hai dous anos.

No tocante ó comité de rutas, non sei como se lle ocorre a vostede a indignidade política de chegar aquí e dicir que estamos a facer un estudo técnico cando a primeira vez que se reuniu foi o 22 de novembro.

Sr. Figueroa, non sabía que facer diante da proposta do alcalde de defender esta cidade e o único que se lle ocorreu foi crear unha comisión que tres meses despois aínda non deu ningún resultado.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, relativa a instar á Deputación Provincial de Pontevedra á devolución da débeda histórica con este Concello, construción do Colexio Alemán e convocatoria do comité técnico sobre o Aeroporto de Peinador, do texto que figura nos antecedentes deste acordo.

5.3.- (36).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A EXERCER AS COMPETENCIAS DE EMPREGO QUE TEN TRANSFERIDAS. EXPTE. 132/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro, número 132/1101, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Rodríguez Díaz, presenta a seguinte moción:

“O Pleno da Corporación Municipal de Vigo instou á Xunta de Galicia de forma reiterada que atenda ós desempregados da cidade con políticas activas de emprego e de dinamización da economía.

Non obtivemos resposta. Sen embrago, no debate do Parlamento Galego assistimos con estupor como o presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Núñez Feijóo, dixo que non tiña competencia no emprego, a pesar de recibir do Estado 350 millóns de euros. Aínda con isto o Goberno da Xunta reduce, a pesar da crise, o seu orzamento nun 50%.

O Goberno do PP e o Sr. Núñez Feijóo en Galicia destruíron 25.149 postos de

traballo con 245.831 parados en Galicia, estando por riba da media de España. En Vigo destruíron 30.177, é dicir, 3 puntos por debaixo de Galicia gracias a política económica e de emprego do Alcalde Abel Caballero.

As expectativas de Galicia para o presente ano son peores, a previsión en materia de emprego é dunha evolución peor que a española. O Sr. Núñez Feijóo e o PP exclúen aos 245.831 parados de Galicia e aos de Vigo, ignóranos e exclúen, chegando Feijóo declarar que non quere traballadores formados, un despropósito do desgobierno que estamos a padecer.

Por todo o anterior, proponse o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a:

- 1.- Exercer as competencias de emprego que ten transferidas a Xunta de Galicia e que atenda aos desempregados de Vigo.
- 2.- Cumprir as promesas de crear 43.500 empregos en dúas semanas, deles 5.500 en Vigo.
- 3.- Utilizar os instrumentos que ten o Goberno Galego con eficacia para frear a crise e loitar contra o paro.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión do 21 de febreiro, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ SANTOS: Nos últimos Plenos vimos instando reiteradamente á Xunta de Galicia a que exerza as competencias que ten o goberno galego en materia de emprego e de dinamización económica. A día de hoxe non obtemos resposta.

Temos que reiterar que o goberno galego só en políticas de cooperación nos debe 6.000 euros/ano cos que en Vigo poderíamos crear mil cincocentos empregos. Ademais vimos con estupor como no debate no Parlamento galego o propio presidente da Xunta, Sr. Núñez Feijóo, dixo que non tiña competencias en emprego, algo increíble e inaudito. Pero é máis, o goberno galego recibe 350 millóns de euros para políticas activas de emprego, é dicir, o goberno do Estado remítelle 350 millóns de euros para facer políticas activas. Que fai o goberno galego diante do número de desempregados que hai? Reduce o seu orzamento en materia de emprego nun 50%.

Teñen que saber os cidadáns de Vigo que dende que o Partido Popular e o Sr. Núñez Feijóo gobernan en Galicia, na comunidade se veñen destruindo cen empregos

diarios, máis de 25.000 postos de traballo que dan o número máis alto de desempregados da historia de Galicia: 245.831, estando moi por riba da media de España.

En Vigo o goberno do Partido Popular e Feijóo destruíron 15.000 empregos dos 30.000 desempregados e desempregadas que hai na nosa cidade, pero fíxense que aínda así a cidade está en 3,2 puntos por debaixo da media de Galicia. Lembrámoslles ós cidadáns e cidadás que dende que goberna Abel Caballero en Vigo a tendencia é que o desemprego ven subindo menos en Vigo ca media de Galicia e de España. Iso gracias á política económica e de emprego que fai o alcalde, Abel Caballero.

Pero ademais nós, como goberno municipal, temos que seguir reivindicando e esixindo que os nosos veciños e veciñas estean atendidos porque vemos que as expectativas para o 2011 son peores que as de 2010 para Galicia e por iso é polo que lles pedimos que non exclúan a estes desempregados.

Feijóo di que non ten competencias. Quere dicir que deixa fóra ós desempregados de Vigo e de Galicia? Que non vai gobernar para eles? Que non teñen dereitos por seren desempregados e desempregadas? Primeiro nos di o Sr. Feijóo que non ten competencias en emprego, despois que as ten pero que para que imos formar a desempregados, que non quere traballadores e traballadoras formados, é dicir, para que os imos formar.

Así estamos e chegamos a unha Galicia parada e co seu presidente todo o mes de xaneiro de vacacións. Así nos vai cando temos os problemas que temos aquí.

Dende o goberno municipal, diante desta situación na que vemos que este goberno autonómico nas tres cuestións máis importantes coma é o crecemento económico, onde hai unha caída do Produto interior bruto, onde o paro se dispara ata niveis récord e onde na xestión das contas a débeda en Galicia aumentou a máis de 1.800 millóns de euros nestes últimos anos, temos que pedir que exerzan as competencias de emprego que a Xunta de Galicia ten transferidas, que atenda ós desempregados e desempregadas de Vigo, que cumpra as promesas que ven facendo públicas de crear 43.500 empregos en dúas semanas, polo tanto lle reclamamos que 5.500 deles sexan en Vigo, e que utilicen os instrumentos cos que conta o goberno galego con eficacia para frear a crise e loitar contra o desemprego.

SRA. VELOSO RÍOS: Evidentemente o desemprego é un dos principais problemas na nosa cidade e noso país e por iso constantemente é un tema que ven a debate a este Pleno do Concello de Vigo.

A realidade é que en Galicia o Sr. Núñez Feijóo prometera rematar co paro en Galicia en 45 días, en canto tomara posesión do seu cargo. Dous anos despois dinos no Parlamento que non pode facer nada porque non ten competencias.

Isto pode ter dúas explicacións, ou ben cando fixo a súa promesa electoral non coñecía cales eran as competencias do goberno galego, neste caso a falta de competencias, o que é terriblemente preocupante pola ignorancia que demostra ter o daquela candidato a dirixir a política galega, ou ben si ten competencias pero non é quen de cumprir a súa promesa; ou sexa, é un incompetente. A verdade é que non sei que escoller no menú de hoxe, se un quilo de ignorancia ou un quilo de incompetencia. Para min que co que nos temos que quedar é con outro "i": isto é puramente ideoloxía.

Non poñen en marcha ningunha medida concreta para crear emprego na nosa comunidade, o único que se está facendo é destruír emprego. A solución que achegan, a única medida concreta que se sacan agora da manga é promover o auto-emprego, é dicir "búscate a vida, estás no paro, imos facer un plan de emprego autónomo". Fan un plan de emprego autónomo que presentan agora e que contén propostas, a verdade que con tan "boa pinta" como a creación dun Consello galego do traballo autónomo, un órgano consultivo e de representación e xa temos experiencia ultimamente no caso que lle fai o goberno galego ós órganos consultivos e de representación, chámense Consello Escolar de Galicia, Consello Económico e Social. A verdade é que caso moi pouco porque xa nos deixan moi claro que son consultivos pero que en ningún caso poden modificar as decisións que tome o goberno galego.

Outra das medidas "interesantes" deste Plan de emprego de autónomo, é a eliminación do requisito de seren menor de 35 anos para se beneficiar da dedución de 3.000 euros para novos empresarios. É dicir, pode ser novo un empresario de 55 anos co que deixamos ademais a unha parte da poboación galega como é a mocidade sen ningunha medida específica para promover o emprego entre a xente nova. Fronte á destrución do emprego, á precariedade laboral no emprego, a opción para a xente máis formada é fundamentalmente a de marchar a Alemaña, esta é a

opción que teñen agora mesmo os mozos e mozas galegas con máis formación para traballar.

Xa deixan de seren unha prioridade tamén da Xunta evidentemente, perden todas as medidas específicas para eles, cámbianlles o Noitebús por unha canción que os conciencie de non conducir bébedos, gastámonos 100.000 euros nunha canción para que a poidan escoitar ó final da noite, por iso supoño que será en castelán porque xa non contan con que a esas horas sexan capaces de entender o galego, e ademais lles dan axudas para ir ós balnearios as fins de semana. A Dirección Xeral de Xuventude o que fai é financiar a metade das estancias en balnearios durante a fin de semana para a xente moza. Que estean no paro pero polo menos sobrios e moi relaxados; vai ser moito mellor. Estas son as propostas de emprego que nos presenta a Xunta de Galicia.

Competencias para crear emprego cremos que a Xunta as ten, pero dende logo que incompetencias para gobernar tamén as está demostrando.

SR. FIDALGO IGLESIAS: É repetitivo en todos os Plenos durante un tempo a esta parte que parece que se empeñan en tentar desviar a atención dos problemas, botarlle a culpa ó Partido Popular de todo o que está a pasar, pero non sei como non se lles cae a cara de vergoña cando se lles escoita falar ós socialistas e ós nacionalistas de emprego. Non lles imos permitir que nos dean leccións de como crear emprego porque todo o mundo sabe que cando gobernou o Partido Popular herdou unha taxa de paro do 22% e deixouna no 11% e agora mesmo, sete anos despois, estamos outra volta case no 21% con 4.700.000 parados. En Vigo vostedes herdaron unha taxa de paro do 9% e agora mesmo está no 19%.

É certo que tampouco se romperon moito a cabeza en redactar esta moción que, como xa dixen, é repetitiva e sempre seguen co mesmo conto de que se Feijóo dixo que ía acabar co problema do paro en 45 días. Fálénme dunha nota de prensa, dun corte de radio onde veña esa afirmación do presidente da Xunta porque iso é absolutamente falso.

Vostedes fan demagogia co tema do emprego, pero polo menos en algo avanzamos porque xa recoñecen que hai crise, xa non falan de desaceleración, dos brotes verdes, de que estamos na “Champions League”; polo menos recoñecen que en España hai crise.

Vostedes enganáronnos prometendo o pleno emprego, o alcalde enganounos prometendo que ía colocar un cartel na entrada do Concello dicindo que en Vigo “pleno emprego”. Agora atrévense a falar de emprego cando en Vigo hai 13.000 parados máis dende que Caballero é alcalde, que o paro subiu en Vigo un 70%. É a primeira vez na historia que en Vigo hai máis de 30.000 persoas que se erguen cada mañá sen poder ir traballar e a xeración mellor formada da historia, os nosos mellores mozos, os mellores preparados, teñen que marchar de España porque aquí non atopan un futuro. Iso é o que está a pasar.

Parece que o Sr. Alcalde vive nunha realidade paralela, unha realidade diferente, non se decata de que hoxe mesmo ven nos xornais que 20.000 vigueses non poden pagar os impostos municipais e embárganselles as contas. Son datos de hoxe.

Ademais o Sr. Caballero parece que vive nunha realidade paralela porque non se decata de que o principal problema da cidade é o do emprego porque reduce este ano un 20% o orzamento municipal en materia de emprego que ademais é só do 1%. Pecha os servizos fundamentais para inserción laboral como é o Servizo de Atención ó Emprendedor e o Servizo de Orientación Laboral e pretende confundir pedindo máis diñeiro á Xunta, diñeiro que logo non é quen de xestionar eficazmente. Non sei para que o pide se logo non o sabe nin executar.

No anterior Pleno vostedes dixeron que a Orde que regula as axudas, pola que agora piden máis diñeiro, era ofensiva e inaceptable. Ademais pediron cinco millóns de euros para emprego. Pero que casualidade, a súa Xunta de Goberno Local do 14 de febreiro aproba solicitar da Xunta 3.600.000 euros. A ver se se poñen de acordo, son cinco millóns e medio ou solicitan 3.600.000 euros?

O que lles doe é que a Xunta reparte subvencións e vostedes reparten coxíns.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Imos comezar polas mentiras do Sr. Feijóo que o Sr. Fidalgo reitera. O 4 de outubro dise: “Feijóo promete que se gaña as eleccións tomará as medidas necesarias para superar a crise e acadar o pleno emprego”. Teño aquí esa nova. Pero lle vou ler outra de marzo de 2010 cando Feijóo estaba xa no goberno: “Feijóo promete en distintos actos en só dúas semanas a creación de 43.500 empregos”.

Pola súa intervención e polo que fai o goberno ou o desgoberno da Xunta de Galicia, do que non se decatan vostedes e o que se preguntan os galegos e as galegas é,

para que están no goberno galego? Realmente que é o que fan? Onde dilapidan os euros que recadan dos impostos dos galegos e das galegas? Onde os levan? Que fan con iso? Porque non teñen competencias en nada, non fan nada, non son responsables de nada, que fan aí? Só cobrar e repartilo entre os amigos?

Xa vai variando o seu discurso, Sr. Fidalgo, porque no anterior Pleno dixo que non xustificáramos ou que non executáramos os programas de emprego, neste xa di que non os sabemos executar; xa non di que non os xustificamos, xa lle informaron de que están xustificados. Viña vostede aquí mentir.

O que lles doe a vostede é que dende que o noso alcalde, Abel Caballero, goberna esta cidade o desemprego está tres puntos por debaixo do paro de Galicia e do paro de España. Se o Sr. Núñez Feijóo e o Partido Popular se aplicaran de igual xeito na súa xestión, iríanos mellor a todas as galegas e galegos e a todos os vigueses e viguesas.

A obra pública da Xunta de Galicia está esborrallada. Iso dino os empresarios que están asustados polo fracaso da súa xestión económica; os traballadores xa non lles quero contar porque xa dixeron que non lles ía tremer o pulso para asinar expedientes de regulación de emprego. Agora xa vemos que os asinan sen máis.

Non pechamos o Servizo de Orientación Laboral, non é verdade. Solicitamos a renovación e imos ver canto nos concede a Xunta de Galicia. Veremos con canto atende a Vigo a Xunta de Galicia.

Insisto en que vostedes cando queren ir coma agora a unhas eleccións municipais ou xerais, non poden vender que son bos xestores porque son un fracaso total en canto a xestión. Hoxe os galegos teñen máis desemprego e máis débeda ca ningún momento da súa historia.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e

Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Rodríguez Díaz, formulando á Xunta de Galicia diversas peticións relativas ao emprego, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

5.4.- (37).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO SECTOR FINANCEIRO POLO ESTADO NO QUE ATINXE ÁS CAIXAS DE AFORROS. EXPTE. 128/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de febreiro, número 128/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. López-Chaves Castro, presenta a seguinte moción:

“Ante os anuncios do Goberno socialista de Rodríguez Zapatero de modificar novamente o sector financeiro español, que poría en perigo a Novacaixagalicia, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

1.- Solicitar do Goberno do Estado a reconsideración do denominado “Plan de reforzo do sistema financeiro” no que atinxe as Caixas de Aforro e manter o actual proceso de reestruturación das Caixas de Aforros galegas en base ao amplo consenso acadado e garantindo a súa solvencia.

2.- Expresar o compromiso inequívoco en manter o modelo de Caixas de Aforros con vocación social e vinculación territorial e a defensa das competencias estatutarias de Galicia.

3.- Reclamar do Goberno do Estado a retirada das esixencias de capital e reservas adicionais aprobadas polo FROB e o Banco de España no proceso de fusión das Caixas de Aforro galegas.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 21 de febreiro, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: O Grupo municipal do Partido Popular presenta agora unha moción co mesmo tema que unha proposición de lei que se aprobou no Parlamento de Galicia cos votos a favor do Partido Popular e do PSOE. O

tema das caixas é un tema moi importante, un tema co que Vigo e Galicia se xogan a súa capacidade financeira.

Con esta moción queremos pronunciarnos en contra do plan do PSOE de facer desaparecer as caixas. Un plan que se plasmou nun Real decreto lei aprobado o sábado pasado que leva a sinatura de Zapatero e no que se establecen unhas condicións e uns requisitos para que NOVACAIXAGALICIA non os poida cumprir. Trátase sinxelamente dun instrumento para ese obxectivo e finalidade de facer desaparecer as caixas de Galicia como se tentou hai algún tempo. Por iso este Real decreto é o instrumento que utiliza o Partido Socialista, insisto que coa sinatura do Sr. Zapatero, para facer desaparecer as caixas de Galicia e de Vigo.

O goberno socialista en Madrid, os amigos e compañeiros do Sr. Caballero, xa levan tentando facer desaparecer as caixas dende hai bastante tempo. Nunha primeira etapa intentárono a través da esixencia dun capital mínimo, a través do Banco de España e o que se fixo dende a Xunta de Galicia foi pular unha fusión que se aprobou polas asembleas das dúas caixas para crear unha nova entidade financeira galega e solvente. O Sr. Caballero sabía o que quería facer o goberno socialista.

O Banco de España deu aprobación a esa fusión. Teño aquí a nota informativa do Banco de España onde se di que aproba a integración de Caixanova e Caixagalicia e, a xuízo do Banco de España, di que: "Este proxecto cumpre os criterios de solidez e racionalidade económica que se han esixir a este tipo de operacións". Isto era o que dicía antes o Banco de España que non só deu o prace á fusión, senón que tamén lle din que o propio goberno tamén lle deu o prace á fusión a través da Comisión Executiva do FROB.

Un mes despois o goberno socialista cambiou as regras e pide uns requisitos que sabe que NOVACAIXAGALICIA non os pode cumprir. Iso é o que fixo o goberno socialista do Sr. Rodríguez Zapatero.

Por que agora o Sr. Caballero permanece tan calado? Por que non protesta fronte a Madrid por iso? Sabemos o que está a facer o goberno socialista de Madrid, coñecemos ben o texto do Real decreto lei aprobado polo goberno de Madrid, Abel Caballero coñéceo e non di nada. Non só o coñece, senón que sabía o que ía suceder, sabía o que se ía facer e calou, sabía o que ía facer o Sr. Rodríguez Zapatero e agochouno. Caballero e Zapatero sabían moi ben o que ía suceder coas caixas.

Pero estaba todo previsto para que sucedera logo das eleccións municipais. Ese foi o fallo, que pensaban que todo isto sucedería despois das eleccións municipais e de aí toda a operación que fixo o Sr. Caballero cando convocou unha manifestación, dicía que “fusión non” e que Caixanova ía desaparecer. En troques, logo da fusión loa esa fusión e di que é o logro do Sr. Caballero e tacha de excelente esa fusión. Agora, outra volta máis, volve dicir que a fusión non servía. Di unha cousa, o contrario e o contrario do que dixo despois. O Sr. Caballero quedou totalmente descolocado porque sabía que todo isto ía suceder, pero lle dixeran que sería logo das eleccións municipais.

Entre o goberno socialista de Zapatero e o goberno socialista de Caballero a caixa desaparece de Vigo e de Galicia. Por mor deste Real decreto lei xamais teremos caixas como as que existen agora.

O que podemos facer neste caso en primeiro lugar é loitar por salvar o máximo posible das caixas, aínda que sexa a través dun banco do que sexa dona a caixa. Dende logo é a postura que defende a Xunta e o Partido Popular e parecen defender os xestores de NOVACAIXAGALICIA. Iso si, se o Banco de España nos deixa. Atopámonos diante do maior engano, diante da maior tomadura de pelo dun alcalde para coa súa cidade, o engano do Sr. Caballero.

Ó final cumpríronse os obxectivos do Partido Socialista. Por unha banda desaparece a caixa como tal e en segundo lugar prodúcese o que o Sr. Caballero pensaba que se produciría despois das eleccións. Agora está calado. Sr. Caballero, vai convocar unha manifestación contra o Real decreto aprobado polo Sr. Zapatero ou agora vai permanecer calado e permitir que desapareza NOVACAIXAGALICIA como fixo o seu compañeiro de goberno o Sr. Zapatero?

Dende logo que o que fixo o Sr. Caballero foi o maior engano que fixo un alcalde de Vigo á súa cidade: enganar ós vigueses convocando aquela manifestación.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non se preocupe, Sr. López-Chaves, quen xa a convocou unha manifestación é o Bloque Nacionalista Galego que vai chamar a todos os galegos e galegas, ós vigueses e ás viguesas o vindeiro día 13 de marzo para que digan claramente non a este decreto e para que digan claramente que queremos unha caixa galega cun poder financeiro e de decisión aquí en Galicia. Ímola convocar porque neste tema nós si podemos estar coa cabeza ben alta pola

coherencia dende o principio ata agora, Sr. López-Chaves.

Preguntaba vostede que podemos facer. Sr. López-Chaves; en primeiro lugar dicirille ó presidente da Xunta de Galicia que actúe como tal, que reclame os dereitos que ten este país a poder ter capacidade propia de decidir o seu futuro financeiro, igual que fixo o Sr. Mas en Cataluña e que está a facer o Partido Nacionalista Vasco. O que ten que facer o Sr. Núñez Feijóo é reclamar o dereito que Galicia ten a decidir o seu futuro financeiro e non estar calado porque se vostede dicía que o alcalde está calado, o Sr. Núñez Feijóo tamén.

Estivo calado, baixou os pantalóns diante do Estado cando nun primeiro momento o Bloque Nacionalista Galego quería unha lei de caixas que blindara precisamente contra o que agora fai o goberno e por iso lle dixemos que recorrera ó FROB, para evitar a bancarización e a privatización, iso que din por aí que os do BNG non entendemos de economía. Pois dende o BNG dende o primeiro momento tiñamos moi claro o camiño que querían marcar. Co FROB, coa reforma da LORCA querían ir cara unha bancarización e por iso defendemos claramente a fusión, porque era a primeira batalla que tiñamos que gañar para poder parapetarnos para a segunda batalla. Niso o Sr. Feijóo claudicou pero, iso si, pedindo axuda a “papá Rajoy”.

É certo que o goberno Zapatero e posiblemente o Sr. Alcalde sabían o que ía acontecer, pero o Partido Popular tamén porque se hai un instigador desta bancarización o primeiro gran instigador é un tal señor que se chama Rato e que non é militante precisamente do Bloque Nacionalista Galego. Sabía tamén o Partido Popular o que ía acontecer e por iso o Sr. Núñez Feijóo tivo que calar e non puido recorrer ó FROB porque estaba ós ditados do Sr. Rajoy, do Sr. Rato e de D^a Esperanza Aguirre.

A primeira cuestión é que non hai ningunha razón técnica nin de solvencia que nestes momentos puidera impedir a NOVACAIXAGALICIA facer o seu camiño como o tiña trazado. Non o digo eu, senón que o 16 da febreiro, hai exactamente oito días, o número dous do Banco de España di claramente: “Estes proxectos (refírese a NOVACAIXAGALICIA) son solventes e viables”. Logo pode vir o goberno e pedir máis ou menos, eu niso non entro, pero dicía que os proxectos eran viables e solventes. Logo, non hai nin unha soa razón técnica para obrigar a NOVACAIXAGALICIA a adiantar os prazos que tiña previstos e que teñen previstos no resto de Europa a través desa Declaración de Basilea III.

Segunda cuestión moi importante. A culpa non é da fusión que é do decreto. Efectivamente non se lle pode botar agora a culpa cando en novembro de 2010 o alcalde dicía que se amosaba inmensamente feliz "...pois se constituíu unha gran caixa de aforros que é a caixa pola que esta cidade o 9 de febreiro saíu á rúa". Non se lle pode botar a culpa agora á fusión porque non o é; é culpa dese decreto.

Por último, nós estamos de acordo cos tres puntos que presenta o Sr. López-Chaves na súa moción, pero queremos presentar a emenda que xa teñen vostedes no seu poder pola que queremos reclamar tamén do goberno da Xunta de Galicia que defenda as competencias estatutarias de Galicia, actuando decididamente para evitar que o proceso de reestruturación das caixas de aforros galega leve aparellada a entrada de capital privado nos seus órganos de decisión e transformación nun banco privado.

Señores do Partido Popular, imos votarlles esta moción con esta emenda.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. López-Chaves, en troques de dicir o calados que están os demais, que ademais non é así, do que debe preocuparse é do que di o Sr. Núñez Feijóo. Vostede si que lle debe reclamar ó Sr. Núñez Feijóo que fale sobre a gran lea na que nos meteu. Estamos aquí debatendo este tema no que nos meteu o Sr. Núñez Feijóo.

Sr. López-Chaves, ninguén está na contra de Galicia. O único que está na contra de Galicia, paradoxalmente, é o seu propio presidente. O goberno do Estado precisamente vela pola solvencia do sistema financeiro para todas as comunidades autónomas. O que ocorre é que o Sr. Núñez Feijóo, que insisto en que foi quen nos meteu a toda Galicia nesta tremenda lea, só ve pantasma e inimigos por todas partes e o único que intenta é encubrir a súa incapacidade cada vez máis demostrada para dirixir os destinos de Galicia e mañá cúmprese dous anos dende que accedeu ó goberno.

Como é posible que o Sr. Núñez Feijóo sexa o único presidente de comunidade autónoma que non sabe as competencias que ten en emprego? Como é posible que sexa o único presidente que non se decata de que o decreto do goberno o que busca é reforzar a solvencia do sistema financeiro español?

Sr. López-Chaves, ó Sr. Núñez Feijóo non o apoian nin no seu propio partido. No tema concreto das caixas de aforros todo o mundo recoñece que querendo ser o

campión desta fusión, o único que fixo foi meter a Galicia e ós galegos nunha lea tremenda. Iso é o que fixo o presidente da Xunta de Galicia coa súa proposta de fusión porque en troques de facer preguntas, debería responder a unha que lle fago eu: se Caixanova era unha caixa xa, por que o Sr. Núñez Feijóo tentou salvar á que está demostrado que estaba enferma, Caixa Galicia, ás costas da caixa dos vigueses? Esa é a pregunta que debe responder o Sr. Núñez Feijóo e non buscar solucións en ninguén máis.

O Sr. Núñez Feijóo leva dous anos gobernando e a gran mentira á que someteu a Galicia é sobre o tema da fusión de caixas de aforros. O goberno galego pagou un millón de euros por unha auditoría completamente falsa. Son vostedes os bufóns do sistema financeiro coidando que en sete días se pode facer unha auditoría dese calibre. Pero unha auditoría, Sr. López-Chaves e concelleiros do Partido Popular, que lles custou 1.000.000 de euros ós galegos. Ese millón de euros deberían pagar o Sr. Núñez Feijóo do seu peto porque nese tempo a conselleira de Facenda maltratava publicamente ó presidente de Caixanova, buscaba escusas para que se producira o seu cese e o Sr. Núñez Feijóo calado porque o único que pretendía era atentar contra Vigo e salvar a caixa do norte.

A única realidade é a que dicimos cada quen. Vostedes neste Pleno non defenderon nin a Caixanova, nin ós seus dirixentes, nin fixeron o posible polo que o alcalde dixo dende un primeiro momento: defender o proxecto solvente e viable de Caixanova. Iso non o fixeron vostedes. Vostedes neste Pleno o día antes da fusión votaron en contra de que os dirixentes de Caixanova fosen os dirixentes da futura caixa. Polo tanto, Sr. López-Chaves, a historia falará desta fusión e a historia, cando se refira ó Partido Popular e á Sra. Porro, veraos como os culpables dunha fusión que atentou contra esta cidade.

Cando vostede di que o alcalde de Vigo está calado é xusto o contrario. As únicas afirmacións razoables e axustadas ó que realmente estaba a pasar, fíxoas aquí o alcalde de Vigo e cando o Sr. Núñez Feijóo mentía dicindo que eran necesarios 1.100 millóns, o alcalde afirmou nesta sede do Pleno do Concello de Vigo que a fusión ía moi xusta e que eran necesarios 2.500 millóns. Xamais ninguén en tan pouco tempo fixo tanto en contra por unha caixa como fixo o Sr. Núñez Feijóo pola caixa de Vigo, por Caixanova.

Saiba que con tranquilidade, co sosego do paso do tempo, os vigueses xulgarán o

que aconteceu. Estou seguro que o Sr. Núñez Feijóo e a Sra. Porro serán declarados polos vigueses culpables de traizón por traizoaren a Vigo e á súa caixa.

SR. LÓPEZ-CHAVES: Cando falan en Navia de traizóns é porque non coñecen a realidade, nin saben o que hai.

Teño aquí o Real decreto lei que fai desaparecer a caixa tal e como a coñecemos. Este Real decreto se non é socialista leva a sinatura de José Luís Rodríguez Zapatero. Coido que este señor é socialista. Este Real decreto fai desaparecer as caixas tal e como existen agora, isto é o que supón que non siga NOVACAIXAGALICIA tal e como a coñecemos. Son vostedes os responsables, non busque outros culpables, a competencia da aprobación da norma é dun goberno socialista que vostedes apoian e defenden e dende logo que hoxe teñen dificultade para defender e lavar a cara ó goberno do Sr. Rodríguez Zapatero e ó Sr. Caballero. Nun primeiro ataque intentaron cargarse as caixas e o que fixo a Xunta foi promover unha fusión. Agora hai un segundo ataque por parte de seu a través deste Real decreto e o que intenta a Xunta é, dentro deste marco normativo que vostedes aprobaron e do que non podemos saír, tentar salvar o máximo da caixa para que teña a maior vinculación con Galicia. Por iso apoiamos o que fai a Xunta e ós órganos de dirección de NOVACAIXAGALICIA que, con este Real decreto que elimina a caixa tal e como a coñecemos, tratan de crear unha entidade que teña a maior vinculación con Galicia.

A historia non xulgará, xulgarán os votantes e se vemos as enquisas mesmo agora lle incrementan o número de deputados ó Sr. Núñez Feijóo.

En canto ó Bloque estamos de acordo, admitiremos a emenda, non nos imos opoñer, votaremos o noso coa emenda pero votaremos por puntos. Votaremos os tres primeiros puntos e despois a emenda que eles introducen. Pero dicimos aquí o mesmo que en Santiago porque o que sometemos a votación é o mesmo que votamos en Santiago. Nós non cambiamos de criterio como outros si fan.

Sr. Domínguez Olveira, vostedes tíñano que coñecer, teñen máis de cen pactos de goberno co PSOE. Gobernando en Madrid, en Santiago, nas grandes cidades, nas deputacións, nas vilas.... Vostedes son os colaboradores do Partido Socialista en todos os temas. Sen esa colaboración o Sr. Caballero non sería alcalde e o Sr. Rodríguez Zapatero non aprobaría os orzamentos algún ano e probablemente non

seguiría de presidente do Goberno. Nalgún momento se están a converter coma unha corrente dentro do Partido Socialista.

O que queda aquí é que o Sr. Caballero enganou. Tentárono hai un ano e non puideron, tentan unha segunda vez porque lles dixeran que sería logo das eleccións e lembro a frase: “Eu digo: se Caixanova non segue soa eu non me presento ás eleccións”. Esa frase é do Sr. Caballero que non a vai cumprir porque todo foi un engano. Engana cada vez máis para tentar de agochar o engano anterior e agora di que a culpa é da Xunta para tentar enganar cando o responsable é o goberno do Sr. Rodríguez Zapatero.

Sr. Caballero, non ría, vai cumprir vostede a súa palabra? Dende logo é unha mostra do que non se debe facer cunha cidade como Vigo na que nos enganou a todos.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. López-Chaves. Canto lles preocupa que me presente. Procedemos á votación. Hai unha proposta do Grupo Socialista de que se voten separados os puntos da moción.

Emenda formulada durante o curso do debate, polo tenente de alcalde e membro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira:

Engadir un punto 4º que diga o seguinte:

Reclamar do goberno da Xunta de Galicia que defenda as competencias estatutarias de Galicia, actuando decididamente para evitar que o proceso de reestructuración da caixa de aforro galega leve aparelhada a entrada de capital privado nos seus órganos de decisión e a transformación nun banco privado.”

O Sr. López-Chaves Castro acepta a emenda formulada polo Grupo Municipal do BNG e solicita que se voten separadamente los puntos de la moción.

VOTACIÓN DO PUNTO 1º DA MOCIÓN.- Con dezoito votos a favor dos membros do Grupo municipal do PP, Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e nove

abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar o punto 1º da moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do partido Popular, Sr. López-Chaves Castro, que di o que segue:

1.- Solicitar do Goberno do Estado a reconsideración do denominado “Plan de reforzo do sistema financeiro” no que atinxe as Caixas de Aforro e manter o actual proceso de reestruturación das Caixas de Aforros galegas en base ao amplo consenso acadado e garantindo a súa solvencia.

VOTACIÓN DO PUNTO 2º DA MOCIÓN.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito:

ACÓRDASE:

Aprobar o punto 2º da moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do partido Popular, Sr. López-Chaves Castro, que di o que segue:

2.- Expresar o compromiso inequívoco en manter o modelo de Caixas de Aforros con vocación social e vinculación territorial e a defensa das competencias estatutarias de Galicia.

VOTACIÓN DO PUNTO 3º DA MOCIÓN.- Con dezaoito votos a favor dos membros do Grupo municipal do PP, Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e nove abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar o punto 3º da moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do partido Popular, Sr. López-Chaves Castro, que di o que segue:

3.- Reclamar do Goberno do Estado a retirada das esixencias de capital e reservas

adicionais aprobadas polo FROB e o Banco de España no proceso de fusión das Caixas de Aforro galegas.

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO GRUPO DO BNG DE ENGADIR UN PUNTO 4º A MOCIÓN.- Con nove abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, cinco votos a favor dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PP Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a emenda formulada polo tenente de alcalde e membro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, co texto transcrito anteriormente.

6.- ASUNTOS URXENTES.

6.1. (38).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO DA DEPUTACIÓN UNHA RESPOSTA INMEDIATA ÁS SOLICITUDES REALIZADAS POLA XUNTA DE GALICIA DE COLABORACIÓN ECONÓMICA CO CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES VÍTIMAS DE MALOS TRATOS. EXPTE. 134/1101. APROBADA.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de febreiro, número 134/1101, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, presenta a seguinte moción:

“Actualmente na cidade de Vigo contamos cun dispositivo de acollemento de mulleres vítimas de violencia de xénero que consiste nun Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de malos tratos, xestionado polo Consorcio Galego de Igualdade e de Benestar da Xunta de Galicia, a través dun convenio co Concello de Vigo e dunha rede de pisos municipais como paso posterior cara a unha

normalización da vida das mulleres que sofren violencia de xénero na nosa cidade.

O Centro de Emerxencia atende a mulleres de todo o país, por ser de xestión autonómica, pero reserva, na práctica, unha serie de prazas para as mulleres da nosa cidade dada a importancia da achega do noso Concello a este servizo situado nun edificio de titularidade municipal e, xa que logo, é este Concello o responsable do seu mantemento cunha partida orzamentaria anual de 266.000€. Segundo o que nos comunica o xerente do Consorcio na última xuntanza da comisión de seguimento do Centro de Emerxencia, que tivo lugar o 23/12/2010, a falta de contabilizar os gastos correspondentes ao mes de decembro, estimaba que o custo do dispositivo ate ese momento para o ano 2010 fora de 300.000€. Como podemos comprobar por estes datos, a achega do Concello de Vigo resulta desproporcionada, algo no que coincidimos tanto a responsable da Concellería de Igualdade, como a Secretaría Xeral de Igualdade, como o xerente do Consorcio.

De aí que desde hai xa tempo se veña pedindo por parte da Xunta de Galicia a colaboración económica da Deputación de Pontevedra sen obter resposta ningunha ata o momento. De feito está pendente unha modificación do convenio, acordada na reunión da comisión de seguimento que se realizou en 2009, á espera da resposta da Deputación. Esta achega económica estaría xustificada por varias razóns. En primeiro lugar, atendendo á memoria presentada pola directora do centro sobre o funcionamento do servizo ao longo de 2010, a procedencia maioritaria das usuarias é a provincia de Pontevedra, o 51% excluído o concello de Vigo e, en segundo lugar, o feito de que agora mesmo a Deputación non financia ningún recurso de acollemento de mulleres vítimas de violencia de xénero, xa que rexeitou colaborar co Concello no mantemento da rede municipal de pisos e aínda non deu resposta ningunha á Xunta sobre a súa colaboración co Centro de Emerxencia.

Cómpre lembrar tamén que actualmente os recursos da nosa cidade son os únicos de toda a provincia pois logo de pechar a Casa de Acollida de Vigo (á que a Deputación achegaba 100.000€ anuais) pechou tamén a Casa de Acollida de Pontevedra e o piso da asociación Alecrín, coa que a Deputación asinara un convenio de 55.000€ en xullo de 2009.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Vigo,

Insta á Deputación de Pontevedra a que dea unha resposta inmediata e satisfactoria ás repetidas solicitudes realizadas pola Xunta de Galicia de colaboración económica co funcionamento do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de malos tratos.”

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: Actualmente na cidade de Vigo contamos cun dispositivo de acollemento de mulleres vítimas de violencia de xénero que consiste nun centro de emerxencia para mulleres vítimas de malos tratos, xestionado polo Consorcio Galego de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia a través dun convenio co Concello de Vigo e máis unha rede de pisos municipais como paso

posterior cara unha normalización da vida das mulleres que sofren violencia de xénero na nosa cidade.

O Centro de Emerxencia atende a mulleres de todo o país por estaren xestionado pola Comunidade Autónoma, pero na práctica reserva unha serie de prazas para as mulleres da nosa cidade, dada a importancia da achega do noso Concello a este servizo que está situado nun edificio de titularidade municipal e xa que logo este Concello é o responsable deste mantemento. Ademais o Concello dedica unha partida orzamentaria anual de 266.000 euros para a xestión deste servizo.

Segundo o que nos comunica o xerente do Consorcio na última xuntanza da Comisión de Seguimento do Centro de Emerxencia que tivo lugar o 23 de decembro pasado, á falta de contabilizar os gastos correspondentes ó mes de decembro de 2010, estimaba que o custe do dispositivo ata ese momento para todo o ano fora de 300.000 euros. Como podemos comprobar por estes datos a achega do Concello de Vigo resulta realmente desproporcionada, algo no que coincidimos tanto a secretaria xeral de Igualdade, como o xerente do Consorcio Galego de Igualdade e de Benestar, como a propia Concellería. Isto consta reflectido no borrador da acta elaborada pola subdirectora de Violencia da Secretaría Xeral de Igualdade, remitida pola técnica xurídica do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.

De aí que dende hai tempo xa se veña pedindo por parte da Xunta de Galicia a colaboración económica da Deputación de Pontevedra sen obter ningunha resposta ata o momento. De feito hai pendente unha modificación do convenio dende a Comisión de Seguimento que se realizou en 2009 á espera da resposta da Deputación. Esta achega económica estaría xustificada por varias razóns. En primeiro lugar, atendendo á Memoria presentada pola directora do Centro sobre o funcionamento do servizo, a procedencia maioritaria das usuarias é da provincia de Pontevedra, o 51% excluído o Concello de Vigo, que representa o 25% das usuarias e que tamén deberían ser atendidas pola Deputación, evidentemente. En segundo lugar o feito de que agora mesmo a Deputación non financie ningún tipo de recurso de acollemento de mulleres vítimas de violencia de xénero xa que rexeitou colaborar co Concello no mantemento da Rede municipal de pisos e aínda non lle deu ningunha resposta á Xunta de Galicia sobre a súa colaboración co Centro de Emerxencia.

Cómpre lembrar tamén que actualmente os recursos da nosa cidade son os únicos

de toda a provincia pois, logo de pechar a Casa de Acollida de Vigo á que a Deputación achegaba 100.000 euros anuais cando estaba aberta, pechou tamén a Casa de Acollida de Pontevedra e o piso da Asociación Alecrín, co que a Deputación asinara un convenio de 55.000 euros en xullo de 2009, ó mes seguinte de teren pechado a Casa de Acollida de Vigo.

Isto podería dar a impresión de que a metade dos cartos do convenio que tiña co Concello de Vigo se dedicaron ó piso de Alecrín, pero a realidade é que non. A Deputación decidiu revogar xa en 2009 o convenio co Concello e xa non pagou nada, xa non custeou os últimos seis meses nos que estivo aberta a Casa de Acollida. Ademais ese servizo que financiou en 2009 non se converteu nun servizo estable, público e de calidade coma é o dispositivo actual, senón que sinxelamente desapareceu. A máis todo isto sen data de apertura para o centro de recuperación integral de Santiago. É dicir, os recursos no noso país seguen a ser escasos e necesitan financiamento para poder dar cobertura á demanda que hai actualmente. Por todo isto propoñemos o seguinte acordo: “O Pleno do Concello de Vigo insta á Deputación de Pontevedra a que dea unha resposta inmediata e satisfactoria ás repetidas solicitudes realizadas pola Xunta de Galicia de colaboración económica co funcionamento do Centro de Emerxencia para Mulleres vítimas de malos tratos”.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sorpréndenos enormemente esta moción como non podía ser doutro xeito, xa que a Xunta de Galicia non lle fixo ningunha petición formal á Deputación Provincial de Pontevedra, entón esta non pode dar ningunha resposta inmediata porque non recibiu ningunha petición. Non se recibiu ningunha petición nin dende a Xunta de Galicia, nin dende o Concello de Vigo malia que vostede xa nunha rolda de prensa do ano 2009 afirmaba que o Bloque Nacionalista Galego lle pedía á Deputación que achegase fondos ó centro de maltratadas, cun 60% de usuarias de fóra de Vigo. Pero non fixeron ningunha petición formal por esta suposta necesidade.

Sobre todo o que tamén nos sorprende é que sexa precisamente no Pleno do Concello de Vigo onde fagan esta solicitude e que non a fagan no Pleno da Deputación, cando teñen un deputado do Bloque Nacionalista Galego que está nos plenos e traballa, aínda que non dun xeito moi activo como ben se dixo anteriormente. Nin o Grupo Socialista, nin o Bloque Nacionalista Galego están

achegando solucións ás necesidades do Concello na Deputación. Por todo isto a resposta non vai ser inmediata xa que a súa solicitude non é inmediata.

Exactamente na mesma liña parécenos irrisorio que o Concello de Vigo só achegue 266.000 euros ó Centro de Mulleres Maltratadas e ós seus fillos. É pouca cousa para vostedes, Sra. Veloso, xa que gastou 1.200.000 euros nun Plan de Igualdade onde a prioridade debería ser a creación de emprego e atención ás mulleres maltratadas e ós seus fillos e non o foi. O único que fixo foi gastar en grandes celebracións, o día 8 de marzo, o día no que gastan máis de 8 millóns das antigas pesetas. Evidentemente que 266.000 euros é unha cifra ridícula comparándoa co seu constante malgasto.

Gastaron 86.000 euros en axendas. Sumando eses cartos, os 101.000 que no ano 2009 gastaron en publicidade, 25.000 cada ano en publicidade de Igualdade, por non lle sumar os 400.000 euros dos carteis de Alcaldía, 1.300.000 euros da Universiada; todo ese exemplo de malgasto coido que explica que non se dea resposta a algo que non se pediu porque 266.000 euros é unha cifra mínima que vostedes deben achegar para atender a esas familias, a esas mulleres e ós seus fillos.

Non esquezan ademais que vostede pechou durante dez meses o recurso que había na Casa de Acolida para mulleres maltratadas con todas as mulleres e os seus fillos vindo a este Pleno, criticando e pedindo algún recurso ou un sitio onde poder durmir esas noites mentres non tiñan outro sitio onde estar. Foron dez meses e foron vostedes os responsables de que ese centro de acolida estivese pechado.

Coidamos sinceramente que a atención ás mulleres maltratadas na nosa cidade abandonouse e ademais un fiel reflexo é que no tempo que leva aberto, nin dous anos, a única vez que acudiu a concelleira responsable foi por veren como ían as obras do Plan E para se facer a foto, foto que non lle permitiron facer. Por suposto, o Grupo Socialista non acudiu nin unha soa vez. Con todo isto 266.000 euros é unha cifra mínima.

A Deputación de Pontevedra demostrou e segue a demostrar que pensa nas persoas e que os servizos de tele-asistencia ás mulleres maltratadas foron pioneiros, cos recursos das pulseiras atende ás mulleres cando o precisan e todo este tipo de recursos sempre estiveron aí.

Durante os dez meses nos que vostede pechou o Centro de Emerxencia para

mulleres maltratadas a Deputación tamén estaba aí. Agora que teñen cartos e que puxeron en marcha ese recurso gracias á Xunta de Galicia, non se solicitou nada. Evidentemente o recurso está máis que cuberto.

SRA. VELOSO RÍOS: Cando falo de que a Xunta de Galicia lle solicita a súa colaboración económica á Deputación, limítome a reproducir as verbas da secretaria xeral de Igualdade e do xerente do Consorcio Galego de Igualdade que están recollidas nunha acta elaborada pola propia Secretaría e remitida a este Concello. O xerente do Consorcio transmitiunos que aínda non se renovou o convenio porque está pendente a resposta da Deputación para incluíla tamén no convenio. Isto está nunha acta e non o invento, de feito eu chego tamén ó compromiso con esas dúas persoas, coa secretaria xeral e co xerente, de facer o mesmo dende o Concello como concelleira que é o que me corresponde. Os deputados provinciais farano tamén no seu momento cando lles corresponda.

Di vostede que gasto os cartos nun Plan de Igualdade e como debería saber, porque está no Consello Municipal da Muller aínda que xa sabemos que parece que non se queda con moitas das cousas que alí falamos, o Plan é un plan integral e o Plan de Igualdade e os cartos que se lle dedican inclúe, por suposto, a atención a mulleres vítimas de malos tratos e tamén a achega a este centro. Todo está recollido no Plan de Igualdade.

É o mínimo que ten que poñer o Concello? Eu pregunto, canto é o mínimo que ten que poñer a Deputación? Evidentemente o Concello ten a obriga e cumpre coa súa obriga, cumpre de abondo, da mellor maneira pero, canto é o mínimo que ten que poñer a Deputación? Traballa para as persoas? Si, pero o certo é que dende 2009 non pon cartos para ningún tipo de recurso público de acollemento de mulleres nesta provincia, nin de Vigo, nin do resto da provincia. Esa é a realidade.

Polo que deduzo da súa intervención, vostedes hoxe néganse a que a Deputación poña cartos para un recurso de acollemento que está funcionando ben como vostede sabe porque vostede si foi visitar o Centro de Emerxencia.

A concelleira que lle fala non é a responsable da xestión do centro porque o é a Xunta de Galicia, como vostede sabe perfectamente, e a Deputación négase a contribuír a mellorar un servizo público que está a atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero no noso país. Como vexo esa é a resposta.

Sentirémolo moito. Por suposto levaremos tamén esta moción á Deputación e tamén lla transmitirei á Secretaría Xeral de Igualdade e ó xerente do Consorcio Galego que a Deputación non pretende contribuír a manter o servizo.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, instando á Deputación de Pontevedra a que dea unha resposta inmediata as peticións da Xunta de Galicia de colaboración económica para o Centro de Emerxencia de Vigo, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1.- (39).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas e 31 de xaneiro e 28 de febreiro de 2011.

1.2.- (40).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 31 de xaneiro e 28 de febreiro de 2011.

1.3.- (41).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 15.02.2011 DE DELEGACIÓN TEMPORAL DE COMPETENCIAS DA ÁREA DE CULTURA EN D. SANTIAGO DOMÍNGUEZ OLVEIRA.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 15 de febreiro de 2011, o Alcalde-Presidente ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia do concelleiro D. Xesús López Carreira, entre os días 16 ó 20 de febreiro de 2011, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña resolución do 5 de xullo, no concelleiro D. Xesús López Carreira, delegado da Área de Cultura.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. Xesús López Carreira no tenente de alcalde D. Santiago Domínguez Olveira.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar enterada da mesma”

Do anterior o Alcalde-Presidente dá conta ao Pleno da Corporación.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.m.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se produciron.

4.- MOCIÓNS.

4.1.- (42).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A POSTA EN MARCHA DA COMISIÓN DE XUSTIZA E EXPROPIACIÓN DE TERREOS PARA A CIDADE DA XUSTIZA. EXPTE. 112/1101

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de xaneiro, número 112/1101,o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, presenta a seguinte moción:

“Estamos vendo nos medios de comunicación a máis que crecente preocupación da comunidade xudicial da cidade polas necesidades en materia xudicial existente na mesma e que non é atendida polo goberno local. Dúas mocións presentadas por este grupo reclamaron a constitución da chamada Comisión Xudicial, aprobándose polo Pleno da Corporación e sendo ignorada a súa posta en funcionamento ata en dúas ocasións polo alcalde Sr. Caballero a pesares da súa aprobación.

Por outro lado nin os orzamentos de 2010 nin os de 2011 teñen consignación

presupostaria necesaria para por en funcionamento a chamada Cidade da Xustiza, e isto a pesares de ter consignada a Xunta de Galicia o diñeiro preciso para a súa construción, terse iniciado un expediente por parte do Concello na Xerencia de Urbanismo que non ten avanzado a pesares do tempo transcorrido e da necesidade de facer as infraestruturas necesaria para a posta en marcha de novas unidades xudiciais.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que por parte da Alcaldía se proceda á maior brevidade á posta en marcha da comisión xudicial antes de finais do mes de marzo do presente ano; se proceda a expropiación dos terreos da Cidade da Xustiza a fin de poñelos a disposición da Xunta da Galicia, que ten o diñeiro consignado presupostariamente, para que poida proceder a súa construción.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 24 de febreiro, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: A moción ten dúas partes importantes. A primeira respecto da Comisión de Xustiza. Esta moción da Comisión de Xustiza aprobouse en dúas ocasións anteriores por este Pleno, unha instando á posta en funcionamento antes do mes de xullo do ano 2009 aprobada por unanimidade dos membros da Corporación; outra para que esta Comisión de Xustiza se puxese en funcionamento antes do mes de setembro do ano 2010, tamén aprobada por unanimidade da Corporación. Mesmo o Sr. Alcalde, en declaracións ós medios de comunicación, anunciou que tras das eleccións autonómicas ía constituír o consello de xustiza. A realidade é que nos atopamos diante dunha mentira máis do alcalde da cidade.

Non existe a Comisión de Xustiza porque xa vimos o nivel de participación que lle gusta ó alcalde na mañá de hoxe e ó que aludiu xa o noso voceiro ó comezo deste Pleno. Non gusta a participación e polo tanto non gusta que haxa esta comisión porque non se quere escoitar ós verdadeiros axentes partícipes da Xustiza, neste caso os procuradores, avogados, etc.

Por iso insistimos novamente e vou modificar “*in voce*” a moción porque poñía finais do mes de febreiro, cousa que é materialmente imposible porque estamos nesa data; poñamos finais do mes de marzo. Sr. Alcalde, comprométase coa xustiza desta cidade e dunha vez por todas faga uso das súas facultades e convoque esta comisión.

Polo que respecta á Cidade da Xustiza estamos tamén diante da crónica da

ineficacia, do desgobierno, da deslealdade coa cidade e coa falta de compromiso cos intereses de Vigo.

Digo isto porque, en primeiro lugar, nós xa presentamos en reiteradas ocasións e fun eu concretamente quen presentou unha determinada moción, non o nego e vou aludir precisamente a ese tema. Pero previamente a iso, o Partido Popular presentou unha moción para que vostedes se comprometesen coa Cidade da Xustiza e que instasen ó daquela goberno do Sr. Touriño a que realizase maiores investimentos e o goberno vigués rexeitou urxir da Xunta a construción da Cidade da Xustiza. Isto foi no mes de decembro do ano 2008.

Isto urxía porque o anterior goberno bipartito da Xunta de Galicia presupostou durante a súa lexislatura un millón e medio de euros, pero o que executou foi un 13%, 214.000 euros, e aí é onde se ve verdadeiramente a vontade dun goberno de facer unha obra. De risa, mesmo algunhas cantidades desviadas cara ó Xulgado do Barco de Valdeorras. Pero o Partido Socialista daquela estivo calado porque non lle interesaba falar do tema.

Houbo unha deslealdade aínda a maiores porque cando presentamos a moción, que presentei eu, defendín neste Pleno e se aprobou cos votos do Partido Socialista e do Partido Popular para instar da Xunta de Galicia a declaración de supramunicipalidade do proxecto diante da ineficacia do Concello e da Xunta bipartita, o Sr. Alcalde facendo uso das súas facultades enviou a moción o día 4 de marzo do ano 2009 á Xunta de Galicia. Iso quere dicir que foi tres días despois de saberen que perderan as eleccións. Quixeron iniciar os enfrontamentos coa Xunta de Galicia dende o primeiro día e esta é a proba.

Por outra banda, durante ese tempo e en reiteradas ocasións, o alcalde desta cidade manifestou por activa e por pasiva que o Concello ía asumir o alleamento dos terreos para a Cidade da Xustiza que afecta a vinte casas. Así, no mes de febreiro do ano 2009, curiosamente poucos días despois de se aprobar a moción na que pouco interese tiveron, foi sinxelamente un escenario no Pleno, dixeron que allearían os terreos, con posterioridade os licitarían, logo que mesmo vían a posibilidade de realoxar a esas trinta familias en Rosalía e en Navia e a maiores iniciaron un expediente na Xerencia de Urbanismo o 29 de abril de 2010, polo que se iniciaban os alleamentos da Cidade da Xustiza.

Pero o que fixeron nese tempo foi enganar á cidadanía, enganar e prexudicar a Vigo

porque non destinaron nin un só euro para o alleamento da Cidade da Xustiza, non fixeron absolutamente nada en favor dela pero, iso si, o goberno da Xunta de Galicia do Sr. Núñez Feijóo ó que vostedes tanto critican ten consignados nos orzamentos o diñeiro para facer fronte á construción en canto lle cedan os terreos.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: No tempo que levo neste Concello como delegado da área de Patrimonio Histórica coido que esta é a segunda vez que ven esta moción do Partido Popular e, para que todos nos entendamos, no fondo o que se está dicindo é, por un lado que o goberno da Xunta ten consignadas unhas cantidades de diñeiro para construír uns edificios e por outro que por este goberno da Xunta do Partido Popular se lle encomenda ó Concello de Vigo, á área de Urbanismo, que realice o proceso de ordenación, execución do planeamento e alleamento. Paralelamente nós xa votamos en varias ocasións, se ben pedindo a constitución da comisión de seguimento. Pero dito isto, ó final nin por un nin polo outro lado se move nada.

En canto á comisión, coidamos que é importante que se constituía. A primeira constitución realizouse na época de Lois Pérez Castrillo e tivo uns excelentes resultados. Lembro que de aí saíron unhas propostas para a constitución e posta en funcionamento dos xulgados do contencioso, saíron as propostas e tamén a execución da localización de novos xulgados de Instrución e do Penal derivados da Audiencia Provincial.

En todo caso coido que esta proposta xa ratificada en varias ocasións é necesario cumprila, dar cumprimento á constitución da comisión, pero coido que hai que ir un pouco máis aló. A min paréceme que para que esta comisión sexa hoxe operativa é necesario que a Xunta de Galicia estea nela. Digo isto porque son un dos que cre que máis aló de se botar culpas uns ós outros ou responsabilidades sobre as cousas, é necesario marcar tres aspectos neste punto. En primeiro lugar cales son os prazos e como podemos abordar o proceso de execución do planeamento e alleamento dese ámbito para acadar despois a posta en marcha da construción desas edificacións. En segundo lugar que facemos mentres tanto coas necesidades que neste momento existen na Administración de Xustiza en Vigo. En terceiro lugar hai que saber como cumprir todos eses acordos.

Para todo o anterior é imprescindible convocar ó sector. O sector é a Xudicatura, os avogados, os procuradores e todos aqueles que dunha ou doutra maneira teñen

algo que ver coa Administración de Xustiza. É imprescindible convocalos, falar con eles e entre todos dar solucións a estes problemas.

Creo que é bo nun momento de crise coma o que temos, que se por exemplo o Concello de Vigo ten dificultades á hora de allear ou de executar ese planeamento, que non vai ser fácil, o formule alí e se busque a solución coa Xunta de Galicia. Tamén é importante dicir, porque quen ten as competencias nesta materia é a Xunta de Galicia, que medidas de carácter paliativo se poden poñer en marcha neste momento para resolver algúns dos problemas que ten a Administración de Xustiza en Vigo e que teñen que ver precisamente con esa ordenación nos dous edificios existentes. Coido que isto tamén é moi importante nestes momentos, chegar a ese acordo de que facer provisionalmente porque como saberán vostedes perfectamente, entre presentar un asunto e darlle a solución, ter os edificios xa construídos, van pasar algúns anos, ogallá que non pasen moitos pero si pasarán algúns. Esa responsabilidade correspóndelle fundamentalmente á Xunta de Galicia que é quen ten as competencias nesa área.

Polo que parece non existen moitos problemas en canto ó Consello Xeral do Poder Xudicial á hora de poñer en marcha esas novas institucións e polo tanto eu coido que é imprescindible, estamos totalmente de acordo na necesidade de convocar esa comisión, que nesa comisión dunha ou doutra maneira participe a Xunta de Galicia e que se chegue a eses acordos extraordinariamente necesarios, deixando xa de chegar ó Pleno con esta especie de “pim-pam-pum” que nin a Administración de Xustiza, nin os administrados, nin aqueles sectores que participan nese desenvolvemento da Xustiza coidan conveniente.

SR. MARIÑO MENDOZA: Vostede refírese á moción que presentou e asinou en representación do Partido Popular o 14 de xaneiro de 2009 na que dicía textualmente e así se aprobou por unanimidade como ben lembraba que “Por parte do Concello de Vigo se inste á Xunta de Galicia a fin de que, conforme prevé a Lei 10/95, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, se declare a supramunicipalidade do proxecto da Cidade da Xustiza procedendo conforme á lei”. O que non nos explicou, Sr. Conde, é por que agora non, por que ese cambio de posicionamento.

Fixo vostede mención a que día se notificou. Eu lembro en prensa o día que se

debateu aquí a moción. As notificacións ó resto dos estamentos son relativamente formais, pero o titular foi ó día seguinte do debate, a Xunta de Galicia por suposto que se decatou de que se votara por unanimidade esa decisión, ou non? Non leu vostede os xornais ó día seguinte, Sr. Conde?

Pero non nos explicou por que ese cambio de criterio, por que antes si lle parecía ben que a executase a Xunta de Galicia tal como dixen naquel Pleno, mesmo parecíalle ben que a financiase a Xunta de Galicia pero a día de hoxe que governa o Partido Popular xa non parece tan ben. Lémbrolle, Sr. Conde, que é vostede concelleiro polo Concello de Vigo.

O outro día escoitaba unhas lamentables declaracións dos señores Martiño e Figueroa a efectos de que se presentara en Santiago unha moción para que se financiasen algunhas infraestruturas en Vigo. Eu podo entender que alguén do Partido Popular en Santiago non estea a favor diso, pero que un concelleiro do Concello desta cidade non estea a favor de que, xa sexa o Ministerio, a Xunta de Galicia ou a Deputación, financien obras nesta cidade é vergoñento. Aínda por riba lle dá a risa ó Sr. Martiño, isto prodúcelle risa. É vergoñento que lle pareza mal que outra administración financie obras nesta cidade. Vostede prefire que as paguen os cidadáns desta cidade cos seus impostos. Isto tamén lle produce moita risa, esa é a súa preocupación. Esta é a realidade.

Sobre algo que era coñecido por todos e por todos os técnicos da Xunta de Galicia, hai poucos días dixemos moi claramente que nos encantaría saber como vai o proxecto porque non encaixa. Alí saíron outra volta á palestra os señores Martiño e Figueroa. A verdade é que o do Sr. Martiño o entendo porque logo de escoitar a parvada que dixo sobre o colexio alemán, entendo que xa non defenda as mocións de Urbanismo. Logo de ver o que pasou, enténdoo porque claramente non se decata xa que o colexio alemán é unha modificación para a futura ampliación e eliminación das torres que se ían construír na Bouza, o colexio alemán entregárono os veciños ó Sr. Figueroa hai máis dun ano e só falta o financiamento. O descoñecemento é absoluto.

O Sr. Figueroa debuxou a Cidade da Xustiza no Plan Xeral, aínda que supoño que estaría máis preocupado por outras lindes que polos terreos da Cidade da Xustiza, e agora sorpréndese de que o proxecto non encaixe e saen agora vostedes a dicir iso. Pero o mellor de todo e que se di: "Presidencia descoñece as trabas da Cidade da

Xustiza". O conselleiro non se decata, non sabe nin cal é o proxecto que quere executar.

Non sei se o que está a facer é pedir axuda. Isto sae nos medios o 13 de febreiro, agora estamos a 28 de febreiro e non sabemos se xa sabe cales son as trabas, se xa puxo medidas para solventar as trabas e ten pensado encargar un reformado do proxecto, non sabemos absolutamente nada do que vai facer. Non nos convocaron en dous anos de goberno nin nunha soa ocasión para falar deste tema, en dous anos de goberno manteñen absolutamente a mesma paralización que na ETEA da que tamén todos coñecemos a consignación orzamentaria pero non vemos nada, o outro día vimos unha fotografía aérea coloreada. Está absolutamente parada.

En canto á ampliación de Navia tamén está absolutamente parada, non fixeron nada pero, iso si, encargáronse de coller unha desas cuestións importantes do Plan Xeral como é a Ronda de Vigo e en outubro de 2010 aprobaron o "Plan Move" da Xunta de Galicia que na súa páxina 18 di: "A Ronda de Vigo, un dos seus viais principais e estruturantes, vaise financiar no 2017". Ese é o compromiso da Xunta de Galicia con esta cidade. A consignación da ETEA téñena dende hai dous anos, que fixeron alí? Absolutamente nada. O único que executa obras é este goberno.

Con respecto á xustiza teño que deixar moi claro que este é o goberno que cumpre as sentenzas urbanísticas, que non dá licenzas ilegais e que non constrúe obras ilegais como fai D^a Corina Porro no Porto.

SR. CONDE GIL: Sr. Mariño, está moi nervioso e o malo é que vostede é responsable de área, porque nin sequera concelleiro é, e nin se decata do que sucede no seu departamento. Iso si, de infografías vostede sabe moito e debería dar moitas explicacións. En infografías é vostede un auténtico experto, pero en canto a leis dende logo que as descoñece vostede bastante.

Que diga agora que un proxecto do bipartito no que se fotografou o Sr. Alcalde co Sr. Méndez Romeu, presentado por el, exposto na Delegación da Xunta de Galicia e que vostedes aplaudiron, que se veña vostede decatar catro anos despois de que non encaixa e por riba agora con ese descaro veña dicir que non se decatan e a meterse cos meus compañeiros... Mellor quédese vostede en casa que o urbanismo de Vigo vaillo agradecer.

Parece que para vostedes o xornal é o diario oficial porque, a partir de agora as

comunicacións oficiais fanse a través das cartas ó director? A comunicación oficial entre administracións faise entre administracións e o día 4 de marzo do ano 2009 saíu deste Concello a comunicación oficial ó daquela presidente en funcións da Xunta de Galicia, Sr. Touriño, da aprobación dunha moción. Tres meses despois. A iso chámase vergoña e engano á cidadanía, Sr. Mariño.

Este documento que asinaron vostedes, o acordo-marco de goberno, nin fala da Cidade da Xustiza. Da área metropolitana si que fala así como doutras moitas cousas como o AVE no 2012, ou da carta de municipalidade que non existe. Tamén fala dunha cousa: "...para iso impulsaremos a cooperación doutras administracións". Cando o asinaron era porque gobernaban vostedes na Xunta, pero agora a cooperación por ningures. Iso si, o goberno do Partido Popular deixou a herdanza de seis aparcadoiros que inauguran vostedes, tres piscinas, un auditorio, humanizacións, saneamento, o XER, deixou mobiliario urbano... e vostedes vanse presentar ás eleccións municipais cunha persoa que dicía que "...en catro anos comprobarán se son o Fernando Alonso de Vigo". Vanse presentar con formigón, con trece mil parados máis e con almofadas para que descansen os pobres parados.

Durante o curso do debate, sendo as once horas e trinta e tres minutos, auséntase da sesión o Alcalde-Presidente, Sr. Caballero Álvarez. Preside o Pleno o Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez Olveira.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. López-Chaves Castro, instando a posta en marcha da Comisión Xudicial e expropiación de terreos para a Cidade da Xustiza, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

4.2.- (43).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PROPOÑENDO QUE O PLENO RECOÑEZA QUE ABEL CABALLERO NON CUMPRIU O SEU COMPROMISO ELECTORAL DAS 6.000 VIVENDAS PROTEXIDA. EXPTE. 126/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de febreiro, número 126/1101,o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. López-Chaves Castro, presenta a seguinte moción:

Na campaña electoral para as eleccións municipais de 2007, o candidato socialista, Abel Caballero, comprometeuse, baixo o lema “En Vigo faremos mais” a construír 6.000 vivendas protexidas.

“Transcorridos case catro anos dende ese compromiso o actual Alcalde socialista, Abel Caballero, non foi quen de poñer en marcha nin unha soa das 6.000 vivendas protexidas que prometeu.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Recoñecer que Abel Caballero non cumpriu o seu compromiso electoral das 6.000 vivendas protexidas.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 21 de febreiro, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Agora imos ver se o PSOE está ou non na realidade. Decía un político americano que como algúns políticos non se cren o que din se estrañan de que algúns si o crean. Normalmente as promesas en política fanse en campaña electoral e algunhas promesas son comedidas, outras esaxeradas, outras de ciencia ficción e outras fantásticas, non no sentido de excelente ou magnífico, senón co sentido de algo que carece de realidade ou de algo que só existe na imaxinación de quen o di.

O Sr. Caballero é moi dado a esas promesas fantásticas, promesas que carecen de calquera criterio de realidade ou de posibilidade de execución. Quizais sexa un instrumento para as eleccións prometer algo que se sabe que non se vai cumprir; é moi habitual no Sr. Caballero para tentar así lograr algún voto.

O Sr. Caballero foi moi dado a esas promesas fantásticas e unha delas é a promesa electoral de 6.000 vivendas protexidas. Teño aquí o folleto que apareceu nos medios de comunicación, que polo tanto o tería que coñecer todo o mundo, da campaña electoral do Sr. Caballero dos anos 2004-2007: “En Vigo faremos máis”. O primeiro compromiso era de 6.000 vivendas protexidas, non 100, 200 ou 500, senón 6.000 vivendas protexidas que serían tres veces máis das vivendas

protexidas construídas polo goberno bipartito nos catro últimos anos, pero non importaba.

Que foi da promesa das 6.000 vivendas protexidas do Sr. Caballero? Onde están as vivendas? Onde está o Sr. Caballero? Despois de catro anos cero vivendas protexidas construídas e cero licenzas para vivendas protexidas. Foi sinxelamente un engano, unha estafa que tentaba agochar outros enganos porque se se nos prometeu hai catro anos isto e comprobamos que non se cumpriu, que vai ser o que vai prometer agora o Sr. Caballero? Non cumpriu nin todo, nin a metade, nin a décima parte, nin a centésima, nin a milésima. Nin unha soa vivenda protexida, un engano, como vimos antes co das caixas.

En Vigo coñecemos ben as promesas do Sr. Caballero que despois nunca cumpre. Aquí poderíamos enumerar e non nos abondarían os cinco minutos, nin dez, nin quince, pero podemos citar algunhas promesas como a de que vixiaría que no 2010 estivese en marcha a autovía a Pontevedra; promesa electoral. “Caballero presenta hoxe o seu plan para lle dar a Vigo rango de capital”, promesa en campaña electoral. “Nova terminal de Peinador no ano 2009 e AVE directo a Madrid no ano 2012”, compromiso en campaña electoral. “O paro será historia”, outra promesa en campaña electoral. E mesmo: “Caballero quere construír un teleférico á Madroa”, outro compromiso en campaña electoral. Dá o mesmo, que prometa o que queira, sabe que nunca vai cumprir o que promete.

Nesta moción o único que pedimos non é que o cumpra, sabemos que non o vai cumprir, que non o cumpriu, senón que se recoñeza que non se cumpriu. O único que queremos é que o Pleno do Concello acredite que o Sr. Caballero non construíu nin puxo en marcha esas 6.000 vivendas protexidas. É a evidencia do fracaso disto e doutras moitas cousas da Xerencia de Urbanismo. Nin unha soa vivenda protexida.

Agora empezará outra campaña electoral e empezarán as promesas. Non sei se en troques de 6.000 serán 10.000 ou 16.000, dá o mesmo, a cuestión é que non se vai cumprir.

Pero queremos agora que este Pleno do Concello de Vigo recoñeza que o Sr. Caballero non cumpriu esa promesa. É unha evidencia, é algo que se ve perfectamente. O único que queremos é ver ata que punto está na realidade o PSOE neste momento, se vive nun mundo real no que non hai 6.000 vivendas

protexidas en Vigo ou sinxelamente lle dá o mesmo e di que si se fixeron esas 6.000 vivendas protexidas. Queremos saber cal é a postura do Partido Socialista porque hai unha promesa de 6.000 vivendas protexidas e nin unha soa posta en marcha. Un engano do Sr. Caballero.

É unha mostra do que fai un político que non ten ningún tipo de limitacións en campaña electoral, vai prometer o que queira e logo non vai cumprir nunca o que promete. Logo fará outra promesa máis grande para tapar a anterior. É o que se chama unha estafa piramidal, facemos unha promesa pequena, outra máis grande para tapar a anterior e outra máis grande posterior para tapar a anterior e nunca se cumpre. Ó final os cidadáns saberán que cumpriu e que non cumpriu o Sr. Caballero.

Aquí hoxe imos ver se o PSOE está na realidade e recoñece que non se fixeron as 6.000 vivendas ou se vive nun mundo de fantasía do Sr. Caballero e vai dicir que si se fixeron as 6.000 vivendas e vive nun mundo de infografías e maquetas. Ese é o mundo do Sr. Caballero.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: A min sáeme un sorriso porque nos falaba o Partido Popular de promesas e máis promesas incumpridas. Precisamente por iso no noso caso non nos gusta facer promesas, no caso do BNG o que nos gusta é ter compromiso coa xente.

Vostedes solicítanlle ó Sr. Caballero que cumpra coas 6.000 vivendas prometidas e por iso nós lle queremos propoñer unha emenda de engadido á moción de seu. Solicitamos “Que o Pleno da Corporación recoñeza así mesmo o incumprimento do presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijóo, de arranxar o problema do paro en Galicia nos 45 días seguintes á súa toma de posesión”.

Así, señores, remataríamos coa crise. Moitas gracias.

SR. MARIÑO MENDOZA: Falounos vostedes dos nosos compromisos e das nosas ideas. Voullo deixar moi claro: a vivenda de protección oficial. Claramente ese non é o compromiso de seu.

Quedáronme dúas cousas claras. Pasoume o mesmo que á miña compañeira, Sra. Méndez, cando lin a súa moción. Non vira cousa tan surrealista dende que o Sr. Figueroa dixo que ía facer un prato voador. Pero o que queda moi claro é que son

vostedes uns expertos en estafas, describíao vostede moi ben. Xa vexo que os señores do Partido Popular son uns absolutos expertos en estafas, ten vostede un dominio do nivel das estafas espectacular. Deixoume sorprendido, a verdade é que si. Pero imos falar das cuestións importantes porque a nós si nos importa a vivenda de protección.

A vostede perdeulle o subconsciente cando redactou esta moción porque di nela: “Non foi capaz de poñer en marcha nin unha soa das 6.000 vivendas”. Con días de antelación, porque levan tempo con este asunto, fíxose público un certificado do director de Planeamento que reflicte os seguintes datos que paso resumir: “Nestes momentos hai corenta ámbitos de desenvolvemento en marcha, cinco millóns e medio de metros cadrados de solo, dezaoit mil novecentas vivendas que se van construír, das que dez mil seiscentas dezanove van ser de protección oficial”. Vostede di na súa moción e leo textualmente: “Non hai nin unha soa en marcha”. Eu linlle un certificado dos ámbitos iniciados que vostedes coñecen, pero sen embargo non lles interesa porque sempre se opuxeron á vivenda de protección.

Dixérono cando votaron no Pleno en contra dos dereitos de todos os cidadáns desta cidade a ter unha vivenda digna a un prezo alcanzable e sen especulación. Votaron en contra de que todos puidesen ter esa vivenda porque defendían 3.000 millóns de euros para uns amigos. Os cidadáns son conscientes diso. Ese é o problema, vostedes defendían 3.000 millóns de euros para uns amigos e aínda por riba o que están anunciando é que de volveren gobernar repetiríano. Porque aínda llos deben, verdade? Ese é o problema, que aínda lles deben os 3.000 millóns de euros. Que terán recibido a cambio? Iso é o que lles teñen que explicar ós cidadáns.

Pero ademais me gustaría mencionar un escrito da Sra. Porro do 26 de setembro de 2006. Ese día tomou unha das súas peores decisións e unha das peores decisións para este Concello porque lle solicitou á Xunta de Galicia a declaración de inviabilidade do sometemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo. Esta foi unha das peores decisións para esta cidade e tomárona D^a Corina Porro e o Sr. Figueroa que daquela era concelleiro de Urbanismo. Isto significou que todos os ámbitos de desenvolvemento deste Plan Xeral a teñen que pasar e iso supón un atraso de dous anos.

Esta foi a peor das decisións que tomaron D^a Corina Porro e o Sr. Figueroa que era concelleiro. Por non traballar, por non rematar o Plan Xeral en prazo agora todos os

ámbitos sofren por parte da Xunta de Galicia un atraso de dous anos. O Sr. Figueroa, que o sabe moi ben, sabe que mesmo nesa declaración medioambiental a Xunta de Galicia pode decidir que nun deses ámbitos non se pode construír, sábeo. Iso é o fomento do investimento dos empresarios nesta cidade, a inseguridade xurídica da que tanto falan. Esta foi unha das peores decisións que tomaron cando gobernaban esta cidade.

Pero ademais me gustaría deixarlles clara unha cousa. Pásanse estes días anunciando unha e outra vez que o Plan Xeral de Vigo é un desastre, que é nefasto e concretamente hoxe sae unha nova que di: “Os promotores paralizan pola crise 102.000 vivendas para as que xa tiñan permiso”. Dende logo, que influínte é o Plan Xeral de Vigo que parou 102.000 vivendas en toda Galicia e 2.700.000 vivendas en toda España. Que influínte é ese 40% de vivenda de protección que colocamos porque é o único que colocamos, as vivendas dignas para todos os cidadáns. Vistos estes datos por toda España, que influínte é o Plan Xeral de Vigo que estamos tirando para abaixo o mercado inmobiliario de todo o país.

Menten vostedes, pero o que teñen que explicar é a quen lle deben eses 3.000 millóns de euros, a quen llos querían dar. Era o maior “pelotazo” urbanístico da historia deste país o que pretendían dar vostedes, Sr. Figueroa, xunto con D^a Corina Porro que era alcaldesa.

Pero lles vou dicir máis. Estamos construíndo 10.000, pero imos construír moitas máis vivendas e o que máis lles doe é que o van ver dende a oposición. Iso é o que máis lles doe.

A PRESIDENCIA: O que si lles pregaría a todos e a todas é que gardemos silencio durante as intervencións e respectemos ás quendas de palabra.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sra. Méndez, vostede pide cumprir un compromiso que non me pode acreditar. Eu teño aquí a acreditación do compromiso do Sr. Caballero das 6.000 vivendas protexidas. Móstrame un papel, un vídeo, un documento no que se comprometera o Sr. Núñez Feijóo. Non o invente. Eu non me invento o que teño aquí, é realidade.

Agora xa falan de 10.600 vivendas protexidas. É o que dicíamos, a estafa piramidal, 6.000, agora 10.600; dá o mesmo o que se prometa.

Están fóra da realidade e parece que o Sr. Mariño coincide en moitas cousas con D. Patxi Vázquez na súa actuación e no seu comportamento político; é unha mostra dunha enorme irresponsabilidade. Habería que lle dicir aquilo que dicía Lope de Vega: “Entendo o que me abonda e só non entendo como se sofre a si mesmo un ignorante soberbio”. Dende logo non quere recoñecer a realidade.

Non cumpriron a súa promesa pero a Xerencia de Urbanismo, da que fala e tenta loar quen é delegado da Xunta de Goberno na Xerencia de Urbanismo, o primeiro expediente que tramitou en Vigo no 2010 foi de 133 vivendas visadas. Salceda de Caselas con 10.000 habitantes, trinta veces menos poboación que Vigo, sacou 93 vivendas. Miren a diferenza. Dos 4.000 millóns presupostados, a fantasía de Caballero de ingresos na Xerencia, só houbo 1.261.000 ingresados. Esa é a xestión. “Vigo encherase de guindastres” e só houbo en catro anos catro licenzas de edificios concedidas. Iso é a fantasía e a realidade.

Os que estaban a favor do Plan mesmo agora piden a súa modificación. A Axencia Europea da Pesca esperou dous anos para que lle deran vostedes unha licenza para colocar un mastro. Ata o PSOE en Santiago recoñece o fracaso do Plan Xeral ó pediren que sexa a Xunta quen faga infraestruturas viarias que están vinculadas ó desenvolvemento do Plan Xeral; ata vostedes mesmos en Santiago recoñecen o fracaso do Plan Xeral.

Aquí estamos a falar do compromiso do Sr. Caballero. Agora imos votar se se cumpriu ou non ese compromiso, se en Vigo agora hai ou non 6.000 vivendas protexidas en marcha, construídas ou o que sexa. Existen 6.000 vivendas protexidas nesta cidade? Se vostedes votan que non están fóra da realidade, nun mundo que non existe e é malo que un gobernante viva nun mundo que non existe, malo e perigoso para unha cidade como Vigo.

Aquí do único que se trata é de lembrar un compromiso do Sr. Caballero, sinxelamente lembrar que prometeu 6.000 vivendas protexidas. Imos votar que non se cumpriu esta promesa e se vostedes votan en contra entón é que están absolutamente fóra da realidade.

Vigo necesita xestores e non xente con imaxinación que promete e logo non cumpre. Non podemos ter un goberno que sinxelamente viva fóra da realidade. O Sr. Caballero vive fóra da realidade. Rechamen vostedes ó Sr. Caballero, espérteno do sono e díganlle o que está acontecendo nesta cidade. O mundo é moi distinto do

que o Sr. Caballero pensa e vostedes teñen a responsabilidade de espertalo.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. López-Chaves, no seu entusiasmos esqueceu pronunciarse sobre a proposta de emenda presentada polo BNG.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Non imos admitir a emenda.

Durante o curso do debate, sendo as doce horas, se incorpora á sesión o Alcalde-Presidente, Sr. Caballero Álvarez.

Emenda formulada durante o curso do debate, por escrito de data 28.02.11, pola voceira do Grupo do BNG, Sra. Méndez Piñeiro:

Engadir un segundo punto á moción que diga:

O Pleno da Corporación recoñece así mesmo o incumprimento do presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijóo, de arraxar o problema do paro en Galicia nos 45 días seguintes á súa toma de posesión

Ao non ser aceptada a anterior emenda polo relator da moción, a Presidencia non a somete a votación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. López-Chaves Castro, instando ao Pleno do Concello recoñecer que o Alcalde non cumpriu a promesa electoral das 6.000 vivendas, co texto que figura

nos antecedentes deste acordo.

vivendas

4.3.- (44).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PROPOÑENDO QUE POR PARTE DO ALCALDE SE TOMEN AS MEDIDAS AXEITADAS PARA FACER FRONTE ÁS SENTENZAS PENDENTES DE ABONAR. EXPTE. 127/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de febreiro, número 127/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, presenta a seguinte moción:

“Durante o goberno de D. Abel Caballero a xustiza resolveu mediante sentenza varios procedementos abertos contra o Concello de Vigo, os cales tivemos que ir pagando rigorosamente, como son o caso da licenza dos taxis, 1.441.300 €, a anulación da licenza de Marques de Alcedo, 586.000€. Sen embargo estanse a obviar outras resolucións xudiciais como son a de Miraflores, 10.667.533,7€, ou a unidade de actuación Nebrija, 1.275.846,47€, os cales están a xerar uns intereses anuais de 260.000€, é dicir, uns 800€ diarios.

Desde que en 2008 recibiron a primeira sentenza na que o Concello está obrigado a aboar as cantidades dos distintos procedementos obviados, non se tomaron medidas enerxicamente para cumprir co requirimento dos xulgados.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo para a súa aprobación:

Que por parte do Alcalde de Vigo se tomen las medidas oportunas para facer fronte ás sentenzas pendentes de aboar.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 21 de febreiro, ditamina favorablemente a anterior moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez,

Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, instando ao goberno municipal a tomar medidas para facer fronte ás sentenzas pendentes de aboar, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e quince minutos, da que se redacta a presente acta; como secretaria dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.